O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.



O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobráble para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

Dentro da programación existente inicialmente, figuran algunhas agrupadas en áreas metropolitanas; así temos que para a área metropolitana de Santiago de Compostela se contempla a construción de 24,4 km cun investimento de 107.665.000 € e un horizonte temporal entre 2017 e 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á área metropolitana de Santiago de Compostela se refire, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración o Goberno galego do cumprimento do horizonte temporal establecido entre 2017 e 2020?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:05:14

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:05:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/01/2019 17:05:28



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobleable para transformalas en autovías cando o



tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Santiago - Costa da Morte cunha lonxitude de 40,00 km, un orzamento de 85.000.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Santiago - Costa da Morte se refire, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:09:52

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:09:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/01/2019 17:10:06



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Martínez Álvarez, María Luisa Pierres López e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1ª) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2ª) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3ª) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4ª) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os



itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área metropolitana de Vigo - Ronda de Vigo - Treito Balaídos - Buenos Aires cunha lonxitude de 11,8 km, un orzamento de 86.239.560€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2017.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área metropolitana de Vigo - Ronda de Vigo - Treito Balaídos - Buenos Aires se refire, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:25:30

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:25:36

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/01/2019 17:25:44



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Martínez Álvarez, María Luisa Pierres López e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1ª) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2ª) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3ª) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4ª) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.



O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área metropolitana de Vigo - Viario Universidade - Vincios cunha lonxitude de 0,7 km, un orzamento de 2.836.025 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2017.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área metropolitana de Vigo - Viario Universidade - Vincios se refire, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:27:07

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:27:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/01/2019 17:27:21



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdoblable para transformalas en autovías cando o



tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

Dentro da programación existente inicialmente, figuran algunhas agrupadas en áreas metropolitanas; así temos que para a área metropolitana de Pontevedra se contempla a construción de 7,1 km (en actuacións non vinculadas ao Plan xeral correspondente) cun investimento de 10.860.000 € e un horizonte temporal no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á área metropolitana de Pontevedra se refire, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42610
Data envío: 07/01/2019 17:42:10.232

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:39:47

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:39:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2019 17:40:02

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-YKWFWAAa2-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, cando sexa o caso, de



vías de circulación con deseño desdoblable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP alternativa á PO-531 Pontevedra - Vilagarcía, treito Curro - Baión (enlace coa N-640) cunha lonxitude de 8,8 km, un orzamento de 122.700.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP alternativa á PO-531 Pontevedra - Vilagarcía, treito Curro - Baión (enlace coa N-640) se refire, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:41:24

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:41:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2019 17:41:36



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuindo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados.

Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en tódolos itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías



de circulación con deseño desdobleable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80% da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Costa Norte - Variante de Ortigueira e treito Celeiro - San Cibrao cunha lonxitude de 17,9 km, un orzamento de 97.940.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2013.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Costa Norte - Variante de Ortigueira e treito Celeiro - San Cibrao se refire, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 17:54:39

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 17:54:47

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/01/2019 17:54:57

Patricia Otero Rodríguez na data 07/01/2019 17:55:05



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenrolo económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdoblable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.



Dentro da programación existente inicialmente, figuran algunhas agrupadas en áreas metropolitanas; así temos que para a área metropolitana de Ferrol se contempla a construción de 7,3 km cun investimento de 36.135.000 € e un horizonte temporal no ano 2017.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á área metropolitana de Ferrol se refire, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42615
Data envío: 07/01/2019 18:04:07.878

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 18:02:53

María Luisa Pierres López na data 07/01/2019 18:03:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-m2IRbQLVC-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42615
Data envío: 07/01/2019 18:04:07.878

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/01/2019 18:03:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-m2IRbQLVC-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concello de Burela (Lugo), con respecto ao estado no que se atopan os edificios do CEIP Virxe do Carme, recibiu un informe o día 17 de agosto de 2018 no que, como resultado dunha inspección visual (o que supón que poidan existir vicios ocultos que quedan exceptuados do informe), conclúe o seguinte:

Con respecto ás fachadas:

1. Mal estado xeral da fachadas, incluíndo fisuras e gretas en distintas partes, especialmente nas zonas onde esta recibida a carpintería.
2. Mal estado xeral da pintura de fachada.
3. Humidades en distintas zonas da fachada.
4. Mal estado de cornixas e avultado perimetral de portas e xanelas.
5. Falta de estanquidade en carpinterías

Respecto ás cubertas e impermeabilizacións:

1. Humidades en aulas de planta alta debidas a posibles filtracións do tellado.
2. A impermeabilización das cubertas planas non está protexida.
3. Dende a pista polideportiva (situada en altura) obsérvanse calvas de lousas na cuberta.
4. Nos corredores centrais do edificio un obsérvase a presenza de eflorescencias, en todo o pavimento.

Respecto ás zonas exteriores:

1. Fisuras en cerramentos de formigón, no que se observan as armaduras á vista.
2. Mal estado dos portalóns, mostrando oxidacións

Respecto ás carpinterías:

1. Falta de selado nas carpinterías, presenza de humidade.



Grupo Parlamentario

2. Deformacións en xanelas de aluminio. Deterioro xeneralizado.

Respecto ás pinturas:

1. Deterioración xeral da pintura exterior e interior do edificio, apreciándose sucidade, humidades e desprendementos nos tratamentos superficiais dalgunhas zonas.
2. As aulas contan con numerosos desunchados procedentes de filtracións de cuberta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Respecto ás humidades:

1. Presenza de humidades en aulas, debidas a posibles filtracións de cuberta e canlóns.
2. Calidade de aire non idónea (ambiente cargado con cheiro a humidade).
3. Chans con presenza de humidade procedentes de condensación.

Respecto á iluminación:

1. Iluminación inadecuada en zona de ximnasio, presenza de luminarias oxidadas en superficie tipo “Regleta” a base de fluorescentes sen ningún tipo de protección.

Respecto ao parque infantil:

1. Non cumpre co Decreto Autonómico 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. Non conta coa inspección anual Favorable.
2. O pavimento de lousa non é adecuado para a altura de caída dos xogos existentes.
3. Presenta numerosas atrapamentos cabeza-pescozo
4. Presenta numerosos atrapamentos de dedos.
5. Presenta táboas adoites con presenza de cravos e parafusos á vista.
6. A distribución dos xogos, non cumpre, xa que se invaden espazos de seguridade dos xogos.

Respecto ás condicións de accesibilidade

O centro non ten garantida a accesibilidade de acordo coa disposición adicional terceira, apartado b) do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, “os edificios deben adecuarse ás



Grupo Parlamentario

condicións de accesibilidade que establece o DB- SUA antes do 4 de decembro de 2017, en todo aquilo que sexa susceptible de axustes razoables.”

En resume, o informe conclúe que

1. Despois dos anos e debido ao intenso uso ao que se viu sometido, a día de hoxe pódese afirmar que o centro educativo non reúne as debidas condicións de habitabilidade e seguridade, para a utilización como centro escolar, sendo necesario acometer unha serie de traballos de limpeza, rehabilitación e reparación do mesmo, que exceden dos labores de mera conservación.
2. Vista a envergadura dos devanditos traballos e os condicionantes técnicos que a normativa vixente esixe, propónse a realización dun proxecto técnico, pola administración competente, que englobe a rehabilitación das instalacións do edificio. Sendo preferente adoptar medidas para garantir a seguridade dos alumnos, no referente ao parque infantil e ás zonas exteriores

Por outro lado, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación establece na súa disposición adicional décimo quinta, relativa a municipios, corporacións ou entidades locais que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo.

Como se deduce de forma obvia de todo o anterior, as obras necesarias no CEIP Virxe do Carme de Burela son de tal envergadura que precisan o concurso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu desenvolvemento.

Á vista do anterior o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Considera axeitadas esas instalacións para o normal desenvolvemento das actividades lectivas no centro?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 18:11:16

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Grupo Parlamentario

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/01/2019 18:11:24

Patricia Otero Rodríguez na data 07/01/2019 18:11:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario, o CEIP Antonio Blanco Rodríguez no concello de Covelo (Pontevedra) viuse obrigado a agrupar o alumnado dos cursos 3º e 4º de educación primaria.

Esta situación ten provocado que, incluso, o Partido Popular deste concello apoiase unha iniciativa na que amosan o apoio da corporación municipal aos pais e nais do alumnado deses dous cursos, amosan o seu desacordo coa unificación dos cursos e solicitan á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se manteñan ambos cursos separados así como o profesorado necesario para esa medida.

Segundo se nos informou, neste centro hai matriculado o seguinte alumnado:

Curso	1º Ed. Pri.	2º Ed. Pri.	3º Ed. Pri.	4º Ed. Pri.	5º Ed. Pri.	6º Ed. Pri.
Alumnado	9	11	12	9	13	15

polo que a agrupación do alumnado de 3º e 4º supón a conformación dun único grupo con 21 alumnos, ratio que supera o establecido para agrupar alumnado de educación primaria segundo os criterios que se viñan empregando.

A redución de oferta educativa nos concellos, en calquera das súas posibles vías, afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.

Ante a situación exposta o deputado e as deputadas que asinan preguntan:





Grupo Parlamentario

Modificou o Goberno galego os criterios para agrupar ao alumnado de educación infantil e/ou educación primaria?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 18:21:10

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/01/2019 18:21:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2019 18:21:28



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M^a Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas.

Un compromiso que foi recollido no programa electoral có que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas desde o Goberno autonómico.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que estado de desenvolvemento se atopan as distintas fases do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 08/01/2019 10:03:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 10:22:06
Nº Rexistro: 42627
Data envío: 08/01/2019 10:22:06.504

Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2019 10:03:33

Marta Novoa Iglesias na data 08/01/2019 10:03:38

Gonzalo Trenor López na data 08/01/2019 10:03:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2019 10:03:52

María Julia Rodriguez Barreira na data 08/01/2019 10:04:01

Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2019 10:04:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-6Fm7Sjpa-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*, engadindo que *“ Se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés, desde a baixada do Monte do Gozo; do Camiño Portugués no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as



actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

O Camiño Francés é o Camiño por excelencia xa que é o Camiño polo que transitan máis do 60 % dos peregrinos que se achegan ata Santiago.

Ademais, discorre por unha parte urbana que ten unha alta densidade de tráfico ao ser unha das saídas naturais cara ao norte ou cruzar viarios importantes como a Avenida de Lugo.

Neste sentido, as propostas do equipo redactor do proxecto de adecuación paisaxística deben ter en consideración as particularidades do Camiño Francés en múltiples aspectos, pero particularmente na mobilidade funcional da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras e actuacións concretas recolle o proxecto de adecuación paisaxística do Camiño Francés no termo municipal de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 08/01/2019 10:07:12

Paula Prado Del Río na data 08/01/2019 10:07:20

Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2019 10:07:27

Martín Fernández Prado na data 08/01/2019 10:07:34

Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2019 10:07:43

Marta Novoa Iglesias na data 08/01/2019 10:07:50

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/01/2019 10:07:57

Gonzalo Trenor López na data 08/01/2019 10:08:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 10:22:49
Nº Rexistro: 42629
Data envío: 08/01/2019 10:22:49.661

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2019 10:08:19

Diego Calvo Pouso na data 08/01/2019 10:08:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-sGZT1bRh-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, achéganse á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*, engadindo que *“Se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés, desde a baixada do Monte do Gozo; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as



actuacións, redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno no relativo aos avances do proxecto de integración do Camiño Inglés en Compostela :

Como están a avanzar os traballos correspondentes á integración do Camiño Inglés no termo municipal de Santiago de Compostela ?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 08/01/2019 10:11:36

Paula Prado Del Río na data 08/01/2019 10:11:44

Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2019 10:11:50

Martín Fernández Prado na data 08/01/2019 10:11:56

Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2019 10:12:04

Marta Novoa Iglesias na data 08/01/2019 10:12:12

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/01/2019 10:12:19

Gonzalo Trenor López na data 08/01/2019 10:12:26

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2019 10:12:36

Diego Calvo Pouso na data 08/01/2019 10:12:48



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*, engadindo que *“Se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés, desde a baixada do Monte do Gozo; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as



actuacións, redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade reforzou o seu compromiso coa posta en valor dos Camiños, ampliando os obxectivos marcados ao inicio deste complexo expediente, en aras de acadar a mellora estética e funcional do Camiño, coa intención de construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade á experiencia do peregrino.

Cómpre sinalar que, no caso do Camiño Portugués, é o único Camiño que, no seu percorrido polo termo de Santiago de Compostela discorre a carón do único BIC existente fóra do casco histórico da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Dende hai máis dunha década o Goberno galego viña prometendo un IES para o concello de Soutomaior, mais sen orzamento ata que en agosto de 2015 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentaba os planos e dicía que “a Xunta de Galicia volverá facer un importante investimento público de preto de 5 millóns de euros”. Ao día seguinte, curiosamente, Mariano Rajoy e todo o PP acudiron ao castelo de Soutomaior para presentar o seu curso político. Prometeron 3 plantas, unha superficie construída de máis de 4200 metros cadrados, soportais, pistas, ESO e Bacharelato (mais erraron en matemáticas esquecendo aulas, polo que, ante as presións da oposición, houbo que reformar o proxecto do IES para que o Bacharelato fose unha realidade).

Despois de máis dunha década, o 17 deste mes o presidente da Xunta de Galicia inauguraba o IES: son 2.300 metros cadrados, sen teléfono nin internet o día da inauguración, sen soportais (porque non hai onde resgardarse na entrada ou saída), sen patio cuberto (polo que os alumnos van ter que pasar os recreos nos corredores ou na biblioteca), cunha soa pista (para fútbol e baloncesto) e cun comedor que non existe (pois o que hai é unha cafetería con 24 prazas e capacidade para cociñar para 30). É dicir, un IES moderno, acorde coa UE, afastado do centro de Arcade e de Soutomaior e rodeado de monte. Un IES que non se parece moito ao prometido.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

O Goberno considera que despois de dúas décadas ese é o IES que merece o concello do Soutomaior, un dos concellos que máis medra en Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:44:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:44:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2019 10:44:27



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 16 de marzo de 2016 iniciábase o expediente para a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra, a segunda fusión de concellos en Galicia.

No informe que firmaba o alcalde de Cotobade naquel entón dicíase que as previsións demográficas de ambos concellos empezaban a ser preocupantes e supoñían un importante problema para manter o nivel de servizos e prestacións e que a fusión sería estratéxica para asegurar a supervivencia e sustentabilidade a medio e longo prazo destas poboacións. De feito, no ano 2015 os datos eran alarmantes para os dous concellos. Pero chegou a fusión e, a comezos de 2018, o INE indicaba que o número de veciños do concello xa fusionado se incrementara en 36 persoas a data 1 de xaneiro de 2017, polo tanto, a fusión fora todo un éxito.

Mais resulta que había trampa. Xa dende este grupo parlamentario advertiamos no seu momento que esta fusión voluntaria se fixera de xeito improvisado, respondendo ás necesidades políticas concretas e temporais dos seus promotores, e agora semella ser así aínda máis: segundo fontes do INE, tan pronto como se revisou o padrón comezaron as incorreccións, é dicir, a desaparición de case 200 persoas do padrón de Cerdedo. ou tiñan mal o DNI ou figuraban en domicilios que non o eran en realidade. O novo concello tentou localizalos pero foi imposible, desapareceran.

En data 19 de setembro, comparecía a directora xeral de Administración Local para responder a preguntas deste grupo parlamentario, mais as súas respostas foron vaguidades teóricas sobre fusións e se escudar en falla de competencia da Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno que o feito de que Cerdedo-Cotobade estea na actualidade en 5815 habitantes pode ser motivo de revisión do expediente de fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:47:20

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/01/2019 10:47:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2019 10:47:31



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei de parques nacionais 30/2014, do 3 de decembro, establece que o solo dos parques nacionais non pode ser obxecto de urbanización nin edificación, sen prexuízo do que se determine no respectivo Plan reitor de uso e xestión en canto a garantir a xestión do propio parque.

No mes de marzo, o Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (Seprona) abría unha investigación por un presunto delito urbanístico nas Illas Cíes (en concreto, por presuntas obras ilegais nunha vivenda), illas incluídas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas. O lamentable é que non se trata da primeira vez: en 2009, existira xa un proxecto de construción dunha pasarela de acceso ao interior da illa polo medio do cordón dunar de Punta Muxieiro, obra paralizada polo Seprona. En 2010, empregáronse pedras do antigo mosteiro medieval e salgadoiro para canalizar un rego na illa Sur, sen ningún tipo de autorización nin licenza. E en 2011, construíuse, en solo rústico, zona de costas, espazo natural e con xacementos arqueolóxicos unha nave para garaxe, tamén sen ningún tipo de autorización nin licenza.

Tales desleixos non son máis que a proba evidente da necesidade de aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional, que está á espera dende que fora declarado por lei como tal en xullo do ano 2002. A responsabilidade da aprobación do Plan de xestión é do Goberno galego: así o dispón a Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, que atribúe ás comunidades autónomas a xestión e organización dos mesmos. Mais o certo é que, dende que o 17 de agosto de 2011 se publicara no DOG o anuncio sometendo o documento a participación pública, nunca máis se volveu saber nada ata que, en marzo deste ano, a consellería abría un novo trámite de audiencia por 45 días para un proxecto de decreto diferente. E niso estamos.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Estase a cumprir no Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas a Lei de parques nacionais 30/2014, do 3 de decembro?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:48:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 10:48:29

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 10:48:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:48:38



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nos últimos anos, o Camiño Portugués a Compostela ten incrementado notablemente o número de peregrinos que pasan pola cidade de Pontevedra, facendo desta infraestrutura un motor fundamental para o noso desenvolvemento turístico, cultural e económico. No último ano 2017 chegaron a Pontevedra 67000 peregrinos, 14000 fixeron uso do actual albergue público e estas cifras van ir aumentando de aquí ao vindeiro Xacobeo 2021.

En marzo, este grupo parlamentario preguntaba ao Goberno galego sobre as principais carencias que Pontevedra ten en relación coas oportunidades de xeración de emprego e riqueza que ofrece o Camiño Portugués, tales como o feito de que só paren no albergue o 21 % dos peregrinos, que as 56 camas que ofrece o actual albergue resulten insuficientes e que a situación do actual albergue no entorno da estación de ferrocarril estea un tanto afastado. Por tal motivo, solicitábase que as 3 vivendas localizadas na Ponte do Burgo, coa intención de conservalas e rehabilitalas nunha futura actuación, fosen destinadas a acoller o novo albergue de peregrinos. O Goberno non pensa igual. En resposta de 13 de setembro, contestaba que non é necesario o incremento de prazas no albergue de peregrinos de Pontevedra porque as 56 camas son suficientes, porque non se debe entrar en maior concorrência co sector privado existente e porque outras rutas xacobeas, como as declaradas oficialmente no ano 2016, precisan o investimento público en novos albergues. Mais a realidade é teimuda: o albergue deixa fóra cada día a máis de 150 peregrinos e os 3 albergues privados apenas realoxan a 70 camiñantes.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte preguntas para o seu debate en Pleno:

Despois dos últimos datos de ocupación coñecidos, segue a considerar o Goberno da Xunta de Galicia que non cómpre o incremento substancial do número de prazas do albergue público de peregrinos de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:49:43

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 10:49:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/01/2019 10:49:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 10:49:57



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o ano 2009, menos dun 15 % dos titulados MIR foron contratados polo Sergas, cifra notablemente insuficiente para facer fronte a necesidades como a dispersión territorial e os problemas demográficos. O certo é que unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención da cidadanía. No concello de Forcarei non escapan a este afastamento, á dispersión no territorio, á falla de transporte público, ao envellecemento poboacional e á precariedade na atención primaria.

Xa máis en concreto, no Centro de Saúde de Soutelo de Montes (no concello de Forcarei) viven unha lenta agonía e no de Forcarei non existe ningunha medida de reforzo para as campañas de vacinación e non se cobren as vacacións nin da matrona nin do servizo de pediatría. Como exemplo, no Centro de Saúde de Soutelo de Montes, cando o médico se despraza para atención domiciliaria ou a algunha reunión de traballo ou cando o único facultativo que hai no centro médico ten días para asuntos propios, o centro queda sen persoal e o horario de atención ao público interrómpese (neste ano 2018, xa houbo multitude de ocasións nas que o horario foi de 08:00 a 11:00 horas ou de 08:00 a 12:00 horas).

O curioso é que para o Goberno todo está ben. Así, en resposta a este grupo parlamentario de 11 de outubro, di que o horario habitual de atención a pacientes só se interrompeu 4 días non completos ou 12 horas en total. E tamén nos di que se deriva á poboación a centros dunha distancia de 9 quilómetros, descoñecendo absolutamente a demografía e a orografía deste concello.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia sobre que o servizo sanitario estivese interrompido entre xuño e outubro de 2018?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:50:52

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 10:50:57

Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 10:51:02



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 7 de outubro ardía Mondariz, na provincia de Pontevedra. Case 200 hectáreas de monte arrasadas por un lume que comezara ás 18:00 horas na parroquia de Sabaxáns e que se estendeu de forma moi rápida polas pistas municipais asolagadas de masa forestal e coas beiras sen limpar dende hai anos; ata chegou ao veciño Concello de Fornelos de Montes.

Na súa extinción participaron 2 helicópteros e 2 hidroavións que comezaron os seus labores ás 19:00 horas e un par de horas despois uníronse 2 camións con pala, ademais de moitas persoas voluntarias que axudaban aos bombeiros, absolutamente desbordados.

Preto de se cumprir un ano dos grandes lumes de outubro de 2017, houbo dúas circunstancias que fixeron tremar que ocorrese o mesmo, debido ao intenso vento e á mesma sucidade no monte. Algo terá que ver que, segundo manifestacións de responsables da Comunidade de Montes, o Goberno galego nunca contestou ás súas solicitudes de cortas nos montes sometidos a convenio, nin sequera para, cos cartos obtidos, acometer as obras necesarias para facer faixas e liberar un cinto preto das zonas habitadas.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron os motivos polos que o Goberno da Xunta de Galicia nunca contestou ás solicitudes da Comunidade de Montes para facer cortas nos montes sometidos a convenio?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:52:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:52:11

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 10:52:15

Raúl Fernández Fernández na data 08/01/2019 10:52:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/01/2019 10:52:25



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia podería ser pioneira en medidas de prevención de envases e de xestión de residuos. Porque, por exemplo, o 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o “*World Economic Forum*” informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes.

Cómpre que Galicia mude as súas políticas para poder loitar mellor contra o cambio climático. Así, o Goberno debe adoptar medidas que fomenten a prevención de envases e tamén o uso de envases reutilizables, tales como:

1. A instalación de fontes de auga potable de acceso gratuíto nos espazos públicos ou o uso de auga en envases reutilizables.
2. A prohibición, con carácter xeral, de vender auga en botellas nos edificios e instalacións da Administracións Pública da Xunta de Galicia, salvo nos centros sanitarios e hospitalarios.
3. O ofrecemento á clientela, en establecementos de hostalería e restauración, da posibilidade dunha botella ou semellante con auga da billa e os vasos para o seu consumo, de maneira gratuíta e complementaria á oferta do propio establecemento.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai adoptar o Goberno galego medidas que fomenten a prevención de envases e o uso de envases reutilizables?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:53:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:53:23

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 10:53:29



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia necesita xa un cambio na xestión de residuos e este cambio debería basearse nos seguintes principios básicos:

1. Cómpre unha xestión máis próxima ao lugar da súa xeración.
2. Cómpre crear plantas de reciclaxe, separación e valorización do residuo anexas.
3. Cómpre que só o rexeito sexa tratado en Sogama e así reduciranse os custos do tratamento e, polo tanto, tamén o canon.
4. E cómpre un conxunto de solucións ambientais en varias fases.

Hai xa varios anos (máis de catro) que o Goberno galego anunciaba en terreos de Sogama unha planta de compostaxe con capacidade para 15.000 toneladas. Nunca se dixo a que territorio vai dar servizo; se vai supoñer mudar o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG); vai supoñer o cambio de todo o sistema de recollida en orixe, contedores incluídos; que sistema de compostaxe se vai utilizar ou onde se vai facer o depósito do lixo para compostar. Tampouco se sabe se o Goberno ten agora a idea de ir facendo que sexan realidade as 8 plantas de compostaxe das que fala o PXRUG.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o Goberno da Xunta de Galicia a intención de ir facendo realidade as 8 plantas de compostaxe das que fala o PXRUG?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:54:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:54:39

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 10:54:43



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

Na finca de Lourizán, en Pontevedra hai dúas belezas espectaculares: un bosque de valor botánico incalculable e un edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez, del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Sobre o conxunto da finca e as obras de conservación da zona nobre hai dous convenios entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, un asinado o 22 de xaneiro de 1991 e outro o 21 de xaneiro de 2000 e en virtude de ambos, a Deputación Provincial cedeu por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións. Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable e a seguridade inexistente. Esta última fin de semana, houbo multitude de desfeitas na finca e no edificio e un roubo nas oficinas da Xunta de Galicia que están na mesma finca, feitos que xa están en coñecemento da Policía Nacional.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai cumprir a Galicia as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e logo ratificado no ano 2000?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:55:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 10:55:38

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2019 10:55:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:55:47



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai uns días, o presidente da Xunta de Galicia falaba nun acto público da necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, o que chama poderosamente a atención cando se trata dunha competencia transferida xa dende os anos 80, cando o Goberno galego amosa a súa falla de vontade política para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que lle corresponden a Galicia (non hai nada feito en case 10 anos no desenvolvemento do Dereito Civil Especial, na promoción do galego na xustiza ou nas medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión) e cando se ten aprobado a oposición a calquera proceso de recentralización e a potenciación da ampliación do autogoberno no último debate sobre o Estado da Autonomía. Os motivos que explicaba Feijóo son que as competencias da Administración de xustiza son híbridas, a carencia de persoal ou a alta taxa de litixiosidade. No mesmo acto falaba Feijóo dos avances que teñen suposto o plan de modernización tecnolóxica da Xunta de Galicia ou o de infraestruturas xudiciais.

Todas estas afirmacións reflexan un absoluto descoñecemento con relación ás competencias da Xunta de Galicia por parte do seu presidente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É compatible para o Goberno galego o anuncio do presidente da Xunta de Galicia da necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, cando se ten aprobado a oposición a calquera proceso de recentralización e a potenciación da ampliación do autogoberno no último debate sobre o Estado da Autonomía?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:57:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/01/2019 10:57:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2019 10:57:15



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No mes de outubro de 2018, o alcalde de Pontevedra e o presidente da Xunta de Galicia tiñan unha xuntanza en Santiago de Compostela. Dende o Concello dixeran que levaran preparada unha listaxe de 16 asuntos a tratar para que a xuntanza, dixeran, fose o máis operativa posible. Entre eses asuntos, a Residencia da Terceira Idade, a variante de Alba, a estación intermodal, o Hospital Gran Montecelo, o transporte metropolitano e urbana, a EDAR de Os Praceres, o pavillón de A Parada, a reforma do edificio de Benito Corbal, o novo edificio xudicial, a reforma da ponte de A Barca ou a dragaxe da ría. É dicir, reclamacións que a cidade necesita dende hai décadas e polas que ningunha das administracións se ten preocupado.

O Goberno galego non se ten preocupado pola Política Social da cidade: nin do Punto de Encontro Familiar, nin da sala do Xulgado para que as vítimas de violencia machista estean nas mínimas condicións de intimidade e benestar, nin das mellores condicións na “Residencia de Maiores de Campolongo” ou no centro de menores “Avelino Montero”, nin das equipas definitivas de Valoración da Discapacidade, nin de nada máis que un proxecto *power point* dun Gran Montecelo virtual, nin da reforma do Hospital Provincial. E que dicir das infraestruturas? Xa non é críble que nos prometan unha estación intermodal entre as estacións de trens e autobuses para a cidade cando só hai un debuxo. E Pontevedra fóra do transporte metropolitano. E Pontevedra sen proxecto para a rexeneración da ría e a dragaxe do seu fondo cando así é imprescindible medioambiental, marisqueira, pesqueira e deportivamente. E Pontevedra cun edificio xudicial que agarda a súa ampliación dende hai case unha década. E Pontevedra cun Pazo de Lourizán que se desfai pouco a pouco mentres o Goberno mira cara a outro lado.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que significa a manifestación de acordo entre o Goberno da Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra sobre asuntos relativos á cidade de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:59:35

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 10:59:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2019 10:59:45

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/01/2019 11:07:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:07:05

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 11:07:08



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Escola de Canteiros, de prestixio recoñecido, existe no ámbito da Deputación de Pontevedra dende o ano 1982. Nestes días coñecemos a través dos medios de comunicación que o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (posto que a Formación Profesional é unha competencia exclusiva autonómica), confirmou a ex alumnas e alumnos a homologación dos cursos da escola ao ciclo medio e superior de Formación Profesional, tanto para antigo como actual alumnado. Polo visto, existe unha base legal para facelo e ata existen xa nomes (“Obras de artesanía e restauración en pedra natural” e “Deseño e coordinación de proxectos en pedra natural”, respectivamente), mais se descoñece o procedemento para homologar estes ciclos (fundamentalmente o superior) e os prazos que prevé o Goberno galego para que sexa unha realidade.

A Deputación de Pontevedra non oculta a súa satisfacción de que estes títulos poidan estar homologados para o vindeiro curso (compromiso que adquiriu co ex alumnado da escola e que lle leva demandando ao Goberno dende hai anos) e para o que xa ten feito as súas tarefas relativas ao cumprimento dos requisitos de idoneidade das instalacións, equipamento e profesorado. A deputación necesita licenza de actividade por parte do Concello de Poio (o que xa está presupostado e se vai facer ao longo do ano), o equipamento e a maquinaria xa cómpren cos certificados oportunos e, con respecto ao profesorado, é competencia da Consellería de Emprego acreditar aos docentes no ámbito da Formación Profesional para o Emprego, o que xa teñen 4 deles e os outros 3 están en trámites de obtelo.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Son certas as confirmacións que fixo o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia sobre a homologación dos cursos da Escola de Canteiría da Deputación de Pontevedra ao ciclo medio e superior de Formación Profesional?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:14:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 11:14:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:14:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2019 11:15:02



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Pleno**.

A redución de servizos sanitarios ten sido obxecto de debate parlamentario a instancias de iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista en multitude de ocasións. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidera ser comprobada segundo se desprende da negativa do Goberno galego a facilitar calquera estudio ou informe que a avale, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial para os galegos e galegas, que ven como os seus servizos perden notoriamente persoal que non se repón ata nas cuestións máis básicas e aprecian un sistema sanitario público cada vez máis debilitado.

Estes problemas afectan de maneira especial ao eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da Consellería de Sanidade a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde. O caso dos centros de saúde de Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo (provincia de Pontevedra) é paradigmático desta situación. Máis en concreto, o censo de cativos destes 3 concellos é de 593, que agora o Sergas e a consellería pretenden derivar ao Centro de Saúde de Ponteareas, que xa ten adscritos a 3342, o que fará un total de 3935 crianzas con, na teoría, 3 pediatras, 2 en horario de mañá e 1 de tarde, e dicimos na teoría porque a pediatra de tarde de Ponteareas leva case 1 ano de baixa.

Con estes datos é practicamente imposible que o Centro de Saúde de Ponteareas poida asumir o cupo infantil de 593 cativos máis dos que xa teñen, polo que seguro vai pasar que sexan derivados ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a uns 35 quilómetros de distancia. A ninguén se lle escapa que se van producir demoras nos diagnósticos médicos dos cativos e uns gastos de desprazamento que van ter que se asumidos polas familias, tendo en conta o carácter rural dos 3 concellos e a dispersión xeográfica (Mondariz ten 12 parroquias e para chegar ata o centro de saúde hai que percorrer de 4 a 8 quilómetros e O Covelo ten 14 parroquias cun percorrido semellante).



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Sanidade de que as 593 crianzas dos tres centros de saúde da comarca Condado Paradanta (na provincia de Pontevedra) se deriven ao Centro de Saúde de Ponteareas, que xa ten adscritas a 3342?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:16:02

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 11:16:08

Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 11:16:13



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na provincia de Pontevedra, onde as solicitudes de valoración da discapacidade tardaban de media en resolverse case 3 anos e onde a quenda de agarda estaba en máis de 4.000 persoas hai un ano, despois do interese e da presión deste grupo parlamentario, o Goberno colocou un parche: seis novos equipos temporais para o EVO do Norte e 4 para o do Sur, formados por persoal contratado por acumulación de tarefas e para 6 meses, que parece se van ampliar por outros 3 meses máis.

Polo tanto, o persoal é escaso e, a maiores, o espazo no que se atopan as antigas equipas do EVO do Norte (un edificio propiedade da Consellería de Sanidade) non está axeitado para o servizo que debe prestar, é moi antigo e nunca tivo unha reforma en condicións: non hai ascensor, hai multitude de humidades nas paredes, a rambla de acceso non cumpre os requisitos legais, na sala de espera vai un frío terrible (non hai calefacción) ou a iluminación do espazo no que se sitúa é moi escasa. Tampouco vai ben de servizos: a limpeza é pouca (hai unha soa limpadora para todo o edificio), as cadeiras de rodas parecen da posguerra e non hai onde colocar os expedientes, de forma que non resulta fácil garantir o cumprimento da normativa sobre protección de datos.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento o Goberno galego das condicións deficitarias nas que traballan as persoas profesionais das equipas de Valoración da Discapacidade no EVO do Norte da provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:17:00

Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 11:17:06

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 11:17:11

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 11:17:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 11:17:20



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Din os economistas que a chamada Economía Circular supón reducir tanto a entrada de materiais como a produción de refugалlos virxes porque, como non temos recursos naturais suficientes para manter o modo de vida actual, hai que potenciar a reutilización. Xa que logo, un dos principais problemas que xeran os residuos, tanto nos ámbitos urbanos como nos naturais, é o seu impacto tras seren abandonados.

O sistema de xestión de vidro dun só uso supón, de entrada, unha solución eficaz para evitar este problema. En Galicia, o 100 % desa xestión desenvólveo a entidade sen fin de lucro “Ecovidrio” e dos datos aportados por ela mesma resulta o seguinte:

1. Que non traballa coas grandes superficies galegas.
2. Que toda a recollida do lixo depositado no contedor verde, procedente dos consumidores e da hostalaría, se fai en camións.
3. Que as plantas de tratamento (a salvo o 3,7 % do volume obtido a través das plantas RU) están en Portugal, polo que o traslado do residuo se fai en camións.
4. Que en Galicia non hai fábricas de envases, polo que o traslado do residuo se fai en camións.
5. E que o retorno dende as fábricas de envases ao comercio se fai tamén en camións.

O anterior significa que o sistema de xestión de vidro dun só uso que o Goberno da Xunta de Galicia potencia en Galicia non contribúe demasiado á chamada Economía Circular, sobre todo considerando a dispersión territorial e o inexistente uso do ferrocarril na reciclaxe do dito residuo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego que o sistema de xestión de vidro dun só uso que está a potenciar en Galicia contribúe á chamada Economía Circular?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:18:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:18:12

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 11:18:17



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

“O Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto de acordo polo que se aproba o Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de Xustiza en Galicia que se executará no período 2019-2021 e que conta cun orzamento de 4,7 millóns de euros. No ano 2009 a Xunta de Galicia aprobou Plan de infraestruturas no ámbito da Administración de xustiza para programar as actuacións dos seguintes anos, partindo das necesidades de espazo que requiren as correspondentes proxeccións de crecemento da planta xudicial e tendo en conta especialmente as necesidades de mellora e adaptacións que as sedes xudiciais presentaban. Este plan é un complemento ao Plan de Infraestruturas e pretende mellorar e modernizar o equipamento mobiliario dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, especialmente en dous ámbitos, o mobiliario de despachos e oficinas e mobiliario para os arquivos xudiciais, mediante a extensión das instalacións de armarios rodantes, pola súa eficiencia en materia de aproveitamento dos espazos dispoñibles. Mediante este plan tamén se atenderán as melloras requiridas pola normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, no que atinxe á custodia e arquivo da documentación xudicial. No marco do plan englobábase o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; as audiencias provinciais da Coruña, Ourense, Pontevedra e Lugo; xulgados da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, así como varios xulgados de distintas vilas galegas.”

Este foi o anuncio no Consello da Xunta de Galicia de hoxe. Podería estar ben, se non fose porque o pretendido Plan de renovación do equipamento mobiliario da administración de xustiza en Galicia que se executará no período 2019-2021 e que conta cun orzamento de 4,7 millóns de euros se presenta como un complemento ao Plan de infraestruturas 2010-2015 e, polo tanto, debería implicar a execución de, xa non o 100 % deste último, senón de máis da metade do mesmo. A finais de 2018, nada máis lonxe da realidade. Como exemplo, o Plan de infraestruturas recollía, na segunda fase (2014-2015) un novo edificio xudicial para Sarria e, a día de hoxe, non hai constancia da adquisición, tan sequera, de corda para tirar as liñas da cimentación do edificio; a propia alcaldesa ignoraba que existira semellante compromiso.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego que para facer efectivo o previsto Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de xustiza en Galicia non é preciso a execución do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:18:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/01/2019 11:19:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2019 11:19:08



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Así que logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que *erosiona a credibilidade do país*, resta recursos que se poderían dedicar a mellorar a calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten a ver coa herdanza que deixou a anterior Goberno do PP e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, para os que o Goberno do Estado vai elaborar o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (dous terzos desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e un terzo ao Estado e aos concellos).



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego eficaz a súa política en materia de depuración e saneamento?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:19:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:19:52

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 11:19:57



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En agosto do ano 2018 ardía o Parque Natural do Invernadeiro, dous incendios no parque que provocaron grandes danos ambientais. Non obstante, a ex conselleira de Medio Rural (agora de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) dixo expresamente que *“ningún dos incendios afectan a unha zona especialmente importante do Parque Natural, posto que se trata dunha zona de matogueira baixa”*. Curiosamente, en resposta de data 29 de novembro, o Goberno dixo que *“as unidades ambientais afectadas polo lume foron:*

- Superficies de queirogais*
- Matogueiras e medios rochosos silíceos*
- Superficies de bosques antigos*
- Piñeirais”*.

É dicir, a conselleira, ou ben non dixo a verdade ou ben ignora todo do Parque Natural, pois non só ardeu matogueira baixa nin eran zonas pouca importantes, pois os queirogais e os bosques antigos ou primarios si o son. A maiores, non se coñecen as superficies afectadas de cada unha destas zonas queimadas nin sabemos nada dun plan urxente de rexeneración ambiental, con memoria económica, das zonas protexidas de Galicia afectadas polos incendios forestais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai deseñar o Goberno da Xunta de Galicia un plan urxente de rexeneración ambiental, con memoria económica, das zonas protexidas de Galicia afectadas polos incendios forestais cada ano?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:20:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:21:02

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 11:21:06



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o ano 1959 Ence ocupa unha importante superficie na marxe esquerda da ría, entre os municipios de Pontevedra e Marín. A súa situación non é a máis axeitada e tanto é así que ata o propio presidente da Xunta de Galicia se subiu a ese carro un día de Pleno no Parlamento de Galicia. O rexeito veciñal levou a unha transacción acordada por unanimidade no Parlamento de Galicia hai tres lexislaturas para atopar unha nova situación para Ence fóra da ría de Pontevedra. Ese rexeitamento tamén sacou á rúa a unhas 20 000 persoas en Pontevedra cando o goberno de Mariano Rajoy (en funcións e por delegación a unha directora xeral) concedía a Ence unha prórroga por 60 anos máis, coa bendición do Goberno galego.

Sobre as 09:00 horas do día de hoxe, propagábase un incendio na factoría (e que foi controlado unha media hora despois), polo que ardía unha torre de refrixeración diante de oficinas da empresa e ao carón do secapastas. Desaloxouse a fábrica e non houbo danos persoais, mais as lapas foron moi altas e xeraron unha densa columna de fume.

A Dirección da compañía emitiu esta mesma mañá un comunicado oficial informando que o fume non afectou ás poboacións circundantes e que analizarán as causas do incendio. Nada máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten noticias o Goberno de cales foron as causas da orixe do incendio ocorrido esta mañá do 5 de decembro?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:22:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:22:07

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 11:22:12



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Galicia temos normativa sobre a xestión dos pneumáticos fóra de uso dende o ano 2005, isto é, dende o Real decreto 1619/2005 e o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2020, ademais de serlle de aplicación a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A empresa Racso Soluciones, S.L. fixo dúas solicitudes en 2017:

1. Á Xunta de Galicia, autorización para ser xestor de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil nunha nave en desuso do polígono de Botos (en Lalín), solicitude que tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
2. Ao Concello de Lalín, comunicación previa de obras sobre esa nave en desuso no polígono de Botos.

Comezou entón un período de consultas pola consellería, no marco dun trámite de avaliación ambiental simplificada (Grupo 9 e do Anexo II da Lei de 2013), e así a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulou informe de impacto ambiental do proxecto. En novembro daquel ano, a consellería foi requirindo máis información, incluído o certificado de fin de obra que debía emitir o Concello, mais a empresa non chegou a aportar ese preceptivo certificado, polo que a consellería resolveu a caducidade do expediente hai uns días.

E por que a consellería resolveu a caducidade do expediente? Pois porque faltaba o certificado final de obra. E por que faltaba o certificado final de obra? Pois porque o Concello de Lalín fixo os seus deberes, respondeu á comunicación previa de obras da empresa no prazo establecido, pediu informes ao técnico municipal de medio ambiente e logo este reclamou informes para subsanar cuestións de seguridade, anti-incendios e tamén unha solicitude para autorización de vertidos en Augas de Galicia. É dicir, o Concello de Lalín estivo recabando información e documentación para decidir se outorgaba ou non a licenza municipal para a obra sobre a nave e, nese mesmo tempo, a Consellería declarou



a caducidade do expediente porque a empresa non presentou o fin de obra, mais o Goberno non deu traslado da súa resolución de caducidade ao Concello.

E agora Racso Soluciones, S.L. inicia de novo a tramitación do expediente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entra dentro da lealdade institucional que o Goberno non dese traslado da súa resolución de caducidade con relación á solicitude ao Concello por Racso Soluciones S.L., tendo que se decatar os servicios municipais pola prensa de que tiñan que suspender a tramitación do seu expediente?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 11:22:59

María Luisa Pierres López na data 08/01/2019 11:23:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 11:23:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, no seu informe sobre afiliación á Seguridade Social de 3 de xaneiro de 2019, Galicia rexistra unha peor evolución con respecto ao resto do Estado en canto as afiliacións á Seguridade Social, así en decembro acadáronse os 1.006.108 afiliación o que supón un descenso con respecto ao mes anterior de 3.763 afiliación o -0.37% cando no conxunto do estado esta cifra incrementouse nun 0.41%. Ademais en termos interanuais, decembro 2018 – decembro 2017, Galicia rexistrou un incremento de 20.660 afiliacións o que supón un 2.10% fronte ao 3.06% que supuxo o incremento no estado.

Estamos polo tanto nun proceso de desequilibrio e desconverxencia en canto ás cifras de afiliación co resto do Estado que debería ser analizado para actuar en consecuencia sobre o noso mercado laboral.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno dos desaxustes co resto do Estado en termos de afiliación á Seguridade Social?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019.



Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/01/2019 13:37:04

José Manuel Lago Peñas na data 08/01/2019 13:37:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

Os datos que nos presentan as lonxas galegas ao remate do ano 2018 son, cando menos, escandalosas. A pesar da conformidade que amosan desde a Consellería de Pesca con estes resultados que, tendo en conta que os datos se amosaban a principio de ano eran esperanzadores, ao remate do exercicio anual deixan unha realidade devastadora que sitúa a 2018 co peor resultado nas vendas dos últimos cinco anos cunha recadación de 26.875.309,1 euros menos que durante o ano pasado. Ademais deste suceso, produciuse unha baixada de case o 20% das descargas de produto que chega ás costas galegas.

Atendendo ao traslado dos prezos a termos reais do 2018, este ano remata ca terceira peor cifra de recadación dende o ano 2001, sendo superada tan só polos devastadores anos de 2013 e 2014.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que valoración fai o Goberno dos resultados de vendas nas lonxas galegas no 2018?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019.



Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 08/01/2019 13:50:44

Paula Quinteiro Araújo na data 08/01/2019 13:50:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Pleno.

1. A autoestrada AP 53 entre Santiago-Ourense, no seu treito entre Santiago e Lalín, é unha das máis caras do Estado español. Esta situación supón un agravio e unha discriminación para a mobilidade das persoas e para a conectividade-competitivade das empresas da comarca do Deza nas súas relacións coa área de Santiago.

O BNG leva anos reclamando a transferencia a Galiza desta vía, así como unha rebaixa da peaxe posto que a alternativa existente, a N-525, é unha estrada limitada a 50 Km/h na totalidade do traxecto entre Lalín e Santiago, atravesa numerosas zonas urbanas e conta con unha elevada intensidade de tráfico cos conseguintes problemas de inseguridade e merma da calidade de vida das poboacións da contorna.

2. Malia estas abusivas peaxes, a empresa concesionaria, o grupo Itinere, levou a cabo unha política de empeoramento do servizo que tivo entre outras consecuencias a eliminación do persoal das cabinas de peaxe, substituídos por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistemas de telepeaxe e caixeiros de pagamento. Unicamente hai unha persoa en todo o treito por si xorde algún imprevisto.

Por este motivo, o BNG presentou a cabo iniciativas relativas ao mantemento de persoal nas cabinas de cobro.

3. Esta situación xa de por si abusiva viuse agravada nos últimos meses debido a fallos nas máquinas, que marcaban cobros moi por enriba do estipulado. Por exemplo:

- No treito de Silleda-Lalín o prezo é de 2,45€ e a máquina marca 3,60€. É dicir, hai un desfase de 1,15€ a favor da empresa.
- No treito Santiago–A Bandeira o prezo é de 2,70€ e a máquina marca 3,60€. Un desfase de 0,90€ a favor da empresa

Se temos en conta que por ese tramo pasan diariamente máis de 6.000 vehículos, supón un atraco diario considerable.

As persoas usuarias que saben o prezo da peaxe, chaman para que resolvan o problema cos conseguíntes trastornos (perdas de tempo, molestias,...) . As que non coñecen o prezo posiblemente estivesen pagando de máis.

Por outra banda, suponse que as usuarias que contan co dispositivo de telepeaxe se lle estea cargando o importe que marca a máquina da peaxe, polo que a empresa está cobrando indebidamente a peaxe desde hai meses.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que iniciativas levou a cabo o Goberno galego para corrixir o cobro de peaxes por riba das cantidades oficialmente establecidas na AP 53?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2019 10:16:16

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2019 10:16:21

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2019 10:16:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2019 10:16:24

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2019 10:16:26

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2019 10:16:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao anuncio do Presidente da Xunta ao respecto do número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galiza.

No pleno do Parlamento do 19 de decembro de 2018 na sesión de control ao Presidente da Xunta á pregunta formulada pola Portavoz Parlamentar do BNG Ana Pontón, este asegurou que:

“levamos construídos 54 centros de saúde e investidos 110 millóns de euros. Vamos construír ou ampliar 20 novos centros de saúde máis, e ao final da lexislatura teremos 82 centros de saúde novos ou ampliados”.

Diante desta afirmación formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a relación dos 82 centros de saúde novos ou ampliados que anunciou o Presidente da Xunta que se terán ao final de lexislatura, con indicación da situación administrativa dos que non están construídos?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2019 11:05:17

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2019 11:05:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2019 11:05:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2019 11:05:26

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2019 11:05:28

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2019 11:05:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa **resposta oral en Pleno**.

O desemprego é un dos maiores problemas que afronta o país, os datos continúan a ser demoledores, con 170.000 desempregados rexistrados en novembro de 2018.

Estar en situación de desemprego produce un menoscabo profundo dos proxectos persoais e familiares, pero sobre todo un enorme deterioro da capacidade económica das familias, tendo en conta ademais que en Galicia apenas a metade dos desempregados recibe algún tipo de prestación. En concreto, segundo os datos de novembro pasado, dos 170.000 desempregados escasamente 87.600 recibía algún tipo de prestación e, destes, só 40.313 recibían prestación contributiva.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que vai facer o Goberno para mellorar a situación das persoas desempregadas en Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas





Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 09/01/2019 11:54:00

José Manuel Lago Peñas na data 09/01/2019 11:54:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.





Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Considera a Xunta de Galicia que ante estes feitos, está a prestar un servizo de calidade respecto ao transporte sanitario de emerxencias?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 12:09:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.





Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Teñen feito dende o Goberno algún estudo respecto ao cambio a un modelo de xestión directa do servizo?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 12:10:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.



Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ante o anuncio dunha nova licitación, cales son os cambios introducidos nos pregos de contratación para evitar que se volvan a repetir estas situacións?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 12:11:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.





Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Por que non escoitou a Xunta de Galicia as advertencias respecto das baixas temerarias?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 12:12:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.





Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Por que seguen tendo en conta o exclusivamente o criterio económico pese a comprobar os problemas que derivan do mesmo?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 12:13:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa respostal oral en **Pleno**.

Dentro do nefasto procedemento que foi a chamada primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza, houbo dúas concesións que evidenciaron moi claramente as carencias do procedemento promovido pola Xunta de Galicia.

Ámbalas dúas remataron coa retirada da concesión despois dun longo tirapuxa xudicial que aínda non está rematado.

Diante da información da retirada da concesión XG-535 A Coruña-Lugo a Arriva por incumprimentos graves das súas obrigas concesionais e ante a falta de información respecto a retirada da concesión XG-533 Viveiro-Ribadeo, tamén por incumprimentos graves das obrigas concesionais á UTE Morán Rodríguez, e como en poucos meses comeza un novo proceso de renovación concesional, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales foron as razóns incluídas en dito expediente que conduciron á retirada da concesión?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo. Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/01/2019 13:20:02



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación sanitaria da comarca do Salnés está sufrindo unha perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polos gobernos estatal e autonómico nos últimos anos. Os e as profesionais do sistema sanitario redobran esforzos e tratan de manter o maior nivel de calidade posible, pero a situación está a sobrepasar o aceptable e estanse a perder servizos que empeoran de maneira inaceptable a situación.

O Hospital do Salnés está a perder progresivamente servizos asistenciais, de maneira especial a partir da perda de condición de área sanitaria que diminuíu a condición do hospital, a súa autonomía, e reforzou a súa dependencia do Hospital de Pontevedra. Isto provocou a perda de profesionais nalgúns servizos como medicina interna, ou a dificultade para reparar aparataxe que provoca semanas enteiras sen servizo do TAC, de equipos informáticos, de material para urxencias ou de tratamentos farmacolóxicos. A dotación de persoal do hospital é notoriamente baixa, como así teñen denunciado publicamente os e as representantes dos e das traballadoras, con casos como a dotación de enfermería que ofrece ratios de 1/28 durante as noites, o que non é aceptable. A ampliación do servizo de urxencias sen maior dotación de persoal provoca situacións paradóxicas como a non utilización de determinados espazos novos por non ter persoal para elo, ou que a ausencia de profesionais de anestesia en moitas ocasións provoca ter que derivar intervencións ao CHOP tendo quirófanos sen utilizar en O Salnés.

Se o caso do Hospital do Salnés é alarmante, a atención primaria de O Salnés atópase nunha situación límite. Existe un claro déficit tanto de infraestruturas e de persoal. No que corresponde ás infraestruturas, hai un problema claro en Vilagarcía coa falta dun novo centro de saúde que palíe as deficiencias do actual, edificio con máis de 40 anos e deficiencias estruturais graves. A insuficiencia de espazos, de accesibilidade e de posibilidades de ampliar un servizo que necesita máis profesionais non está sendo atendida polo Sergas, tendo propostas e dispoñibilidade do Concello de Vilagarcía para resolvelo. Caso idéntico ocorre en O Grove, onde o Sergas fai ouvidos xordos ante as demandas veciñais que encabeza o Concello dun novo centro de saúde, ou a redución da aposta por un



novo centro en A Illa que quedou na reforma do anterior sen resolver problemas que aínda se manteñen de estrutura e mantemento da infraestrutura.

No que corresponde ao persoal, existen numerosos problemas nos últimos tempos aos que a Xunta de Galicia non ofrece nin solución nin atención. Catoira perde continuamente o seu servizo de pediatría, pola non substitución do profesional, tendo que derivarse a Vilagarcía que ve, á súa vez, saturado o servizo pola acumulación dos pacientes que se incrementan. O problema de pediatría existe tamén de maneira sinalada en A Illa e Ribadumia, que comparten profesional pero que está de baixa, e a súa non substitución obriga aos veciños destes dous concellos a trasladarse a un terceiro, Cambados, coa correspondente saturación do centro cambadés.

O centro de Saúde de Cambados sofre dende hai tempo problemas de falta de persoal, o que leva a perder o servizo de atención polas tardes e unha elevadísima frecuentación das consultas de primaria pola necesidade de cubrir as baixas e vacacións entre os propios profesionais xa existentes. No caso de Meaño, a ausencia dun profesional obriga ao que permanece no centro a atender o cupo de dous profesionais, superando os 50 e 60 pacientes en moitos días. O Centro de Saúde de Baltar, en Sanxenxo, vén sendo obxecto de demanda cidadá pola necesidade de cubrir as baixas e vacacións, que tampouco están sendo atendidas.

De maneira global á comarca, unha demanda habitual está na necesidade dunha ambulancia medicalizada para O Salnés, como así demandan profesionais especialistas en atención de urxencias, e de maneira específica profesionais de cardioloxía que reclaman esta ambulancia medicalizada e, tamén, a derivación a Santiago dos e das pacientes afectadas por infarto agudo de miocardio.

A situación global, en todos os planos, é preocupante para veciños e veciñas de O Salnés que comprobán a perda de capacidade do sistema asistencial a pesares do esforzo dos profesionais.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a situación actual da asistencia sanitaria en O Salnés é satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2019 13:39:50

Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2019 13:39:55



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación da atención sanitaria en Galicia está sufrindo un conflito crecente que mantén por un lado aos profesionais, tanto individualmente como a través dos colectivos que os representan, organizacións sindicais, partidos políticos, administracións locais, asociacións de pacientes e moitos colectivos afectados pola atención sanitaria, que son practicamente todos os veciños e veciñas.

En particular, na comarca Ulla – Umia afecta o progresivo deterioro da capacidade asistencial en atención primaria, que a pesares dos esforzos do persoal, está perdendo calidade debido aos recortes persistentes que dende os gobernos autonómicos e estatais se viñeron aplicando nos últimos anos.

Existe un problema tanto a nivel de infraestruturas como de persoal. En termos de infraestruturas, hai demandas de extrema necesidade como un novo centro de saúde en Caldas de Reis, onde a Xunta de Galicia leva mareando a situación sobre o terreo ideal para iniciar este centro, cambiando constantemente de opinión e demorando a decisión de iniciar a construción dese novo centro necesario. Unha situación semellante ten ocorrido en A Estrada, onde se ninguneou ao Goberno municipal cando era o PSdeG o responsable daquel, pero se comezou a afrontar a situación dun novo centro de saúde cando o PP chegou á responsabilidade de Goberno municipal. A pesares dese inicio, non existen partidas concretas nos orzamentos autonómicos que poidan afrontar con seriedade prazos e formas para o novo centro, debendo estes poder ser avaliados e fiscalizados (o que agora non pode ocorrer ao non haber compromiso concreto orzamentario).

No que corresponde ao persoal, esta comarca sofre en primeira persoa os problemas que o Sergas ten noutros lugares de Galicia debido aos recortes de persoal e ás nefastas condicións laborais que se ofrecen aos profesionais. Así existiron protestas veciñais contundentes polo ninguneo e desatención da Consellería de Sanidade aos concellos de Cuntis e Moraña pola ausencia de pediatras, ou no caso de Cuntis coa non substitución de persoal de medicina de familia e non arranxo das deficiencias do centro de saúde. Este mesmo problema, tanto de persoal como sobre o mantemento do centro dáse no concello de Barro,



onde tamén existen accións veciñais que reivindicán as necesidades de arranxos nun centro que ten deficiencias estruturais ademais da non substitución de profesionais que provocan saturacións e sobreesforzos sobre os propios profesionais que soportan o máximo posible.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a situación actual da asistencia sanitaria en Ulla - Umia é satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2019 13:41:42

Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2019 13:41:47



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A produción de mel en Galicia cumpriu sempre unha función complementaria doutras actividades. A convivencia coas abellas provocou que, na nosa arquitectura rural tradicional, nos atopemos con colmeas inseridas dentro da vivenda familiar onde os enxames accedían o exterior por un burato orientado o sur, pero que todas as funcións de manexo se facían desde o interior da devandita vivenda.

A principios do ano 2000 viviuse unha forte profesionalización que mesmo levou a introducir un novo modelo de manexo – a transhumancia – que permite aos enxames aproveitar todas as posibilidades do territorio e da flora existente. Non obstante, as novas técnicas de cultivo, coa utilización de fitosanitarios para o control de pragas, están ocasionando moitas dificultades a quen aspira a converter este recurso nun instrumento de desenvolvemento da sociedade rural. Tampouco axuda ao progreso desta actividade a proliferación de incendios forestais que regularmente azoutan o noso territorio.

Por se fose pouco, o cambio climático chegou, e con el, chegaron condicións climatolóxicas especialmente favorables para a expansión da vespa velutina, e dada a súa capacidade de adaptación e expansión, esta especie estase espallando por todo o territorio da nosa comunidade, con resultados bastante preocupantes, e as abellas, son a súa prioridade.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Que medidas ten posto en práctica a Xunta de Galicia para poñer freo á alta mortalidade das abellas como consecuencia da utilización de produtos tóxicos para a prevención de pragas na agricultura?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42851
Data envío: 09/01/2019 14:02:20.646

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/01/2019 14:00:56

Raúl Fernández Fernández na data 09/01/2019 14:01:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-xCLMw9IOQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa á situación do servizo de urxencias no hospital de Santiago de Compostela.

O cadro de persoal do servizo de urxencias do hospital universitario de Santiago de Compostela leva máis de un ano denunciando que o número de efectivos nesa unidade é insuficiente para atender con criterios de calidade ás persoas doentes.

A ausencia de medidas que incrementen o número de profesionais por parte da Consellería de Sanidade ten obrigado ao persoal a iniciar unha folga no servizo que ten cumprido xa os dous meses de duración.

Durante todo este tempo a carga de traballo continúa incrementándose, feito que impacta notablemente na propia saúde do persoal sanitario, que, en moitos casos, acaba enfermado debido ao estrés e á sobrecarga física e psicolóxica.

Esta situación afecta notablemente á calidade asistencial, acumulándose demoras na atención das persoas que acoden demandando a necesidade dunha atención urxente ao servizo.

O persoal ten denunciado en moitas ocasións o risco para doentes graves, que moitas veces teñen que agardar demoras inaceptables ou permanecer sen unha habitación para seren hospitalizados por mor dos recortes en todo o complexo hospitalario.





A pesar da folga, das advertencias do persoal e mesmo de denuncias en fiscalía a Consellería de Sanidade está a facer caso omiso de esta situación de xeito moi irresponsable permitindo situacións coma a que se ten vivido durante o Nadal. Con xornadas nas que decenas de doentes se amoreaban en padiolas e cadeiras de rodas nos corredores do servizo. Incluindo doentes graves e mesmo algún infartado, como denunciaron as e os profesionais.

Ante estas circunstancias, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta:

Van atender dunha vez as demandas do persoal e dignificar o servizo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 13:59:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto diante do esgotamento dos prazos.

O futuro industrial na cidade da Coruña e a súa comarca atópase nunha situación crítica. Alén dos máis de 400 empregos en xogo na planta de Alcoa, hai 85 traballadores e traballadoras que dependen da continuidade da factoría Isowat, ao que se suman as ameazas de ERE sobre Ferroatlántica- Sabón.

A respecto da situación da que hoxe é Isowat cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia,, situada no Polígono da Grela desde 1963, era e é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente. Malia isto, a empresa atópase neste momento en concurso de acreedores. As razóns últimas residen en que o que se produciu desde que a actual propietaria adquirise Isolux Galicia foi un saqueo sistemático, tal e como sinala o informe concursal.

A cidade, a comarca e o país precisan dun sector industrial forte. Neste sentido, os datos actuais ofrecidos polo Clube Financeiro no seu “Informe de conxuntura económica” son concluíntes a respecto da necesidade de "aumentar o peso da actividade





OFICINA PARLAMENTAR
Maria de la Concepción Burgo López na data 07/01/2019 13:26:11



Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é de competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme a alínea primeira do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e a súa garantía.

Entre outras afirmacións dixo que *“Non podemos vivir coa endogamia de que unha autonomía seleccione a profesores polo seu idioma porque é apoiar un sistema de adoutramento que vai en contra do propio futuro dos nosos fillos”*. Afirmacións como a anterior poñen en cuestión non só a capacidade dos distintos gobernos autónomos para xestionar adecuadamente as súas competencias en materia de educación si non que, ademais, introducen a lingua propia daquelas comunidades autónomas que, como a nosa, a posúen como un elemento de ruptura social.

Ademais, a Comunidade Autónoma de Galicia introduce o coñecemento da lingua galega como un elemento máis no sistema de acceso á función docente, como se acredita (por citar a última convocatoria) na Orde do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que os aspirantes deben estar en posesión do Celga IV, validación do certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4), curso de perfeccionamento da lingua galega, validación do curso de perfeccionamento en lingua galega feita polo órgano competente, o título de licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, certificado





Grupo Parlamentario

de aptitude ou nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou certificado de ter o curso de especialización en lingua galega, así como una proba para as persoas que non poidan acreditar o coñecemento do galego de acordo co establecido.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como vemos, as declaracións de quen lidera o Partido Popular supoñen unha ameaza sen precedentes para as comunidades autónomas no ámbito educativo entre outros.

Ante esta situación e considerando que o partido político que sustenta ao Goberno galego é o mesmo que o do señor Pablo Casado, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Pensa o Goberno galego que as condicións existentes sobre o coñecemento da lingua galega nos sistemas de acceso á función docente son prescindibles?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2019 13:25:08

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/01/2019 13:25:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galaria SA é a actual herdeira do antigo MedTec (Instituto Galego de Medicina Técnica SA). Unha empresa nacida para asesorar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias.

Con todo, en seguida ampliaron o seu cometido, iniciando a provisión directa de servizos sanitarios que podería proporcionar o Servizo Galego de Saúde, privatizando moitos destes servizos como por exemplo a atención telefónica.

Outro dos servizos que é fonte de conflito respecto en Galaria, pero que xa o foi no antigo MedTec, é aquel que deriva das técnicas en radioloxía, concretamente da técnica máis avanzada que é a Resonancia.

As radiólogas e radiólogos do CHUVI, levan máis de dúas décadas reclamando o acceso a esa técnica e concretamente a integración orgánica das Resonancias no servizo de radiodiagnóstico da EOXI de Vigo, todo con base en argumentos relacionados co deterioro da calidade asistencial ao producirse duplicidades nas probas ou retraso nos diagnósticos e tratamentos, ademais da vulneración de dereitos no desempeño da especialidade e o desenvolvemento profesional, xunto cunha duplicidade de estruturas de xestión para o mesmo servizo.

Pero a pesar destas circunstancias denunciadas, o Xerente do Servizo Galego de Saúde, levou a cabo a aprobación dun Plan, que lonxe de poñer algún tipo de solución ao conflito, agrava a situación, posto que ademais das consideracións xurídicas denunciadas polas profesionais, como a falta de competencia do





xerente para dito plan, deixa en mans de Galaria, que unicamente conta con 10 radiólogos, o 65% das Resonancias e o control e organización das citacións, mentres que as 45 profesionais especialistas en radioloxía do CHUVI, so teñen acceso ao 35%.

A Resonancia é un paso intermedio dentro do conxunto de estudos nun proceso de diagnóstico e a súa indicación debe partir dunha persoa experta en todas as técnicas de imaxe dunha determinada área anatómica, como acontece no resto de Hospitais das mesmas características dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior o Grupo de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é o interese que ten o Servizo Galego de Saúde en manter este modelo de xestión da Resonancia Magnética na EOXI de Vigo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 09:59:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, relativa aos acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo.

Diferentes colectivos como o Movemento Galego de Saúde Mental, levan xa varios anos denunciando o deterioro progresivo da atención á saúde mental en Galicia, que ten como causas máis destacadas os recortes sanitarios e as formas de xestión sen planificación e sen participación das profesionais sanitarias da Sanidade Pública que prestan servizo nas unidades asistenciais.

Os acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo, evidencian a repercusión dos recortes denunciados. O suicidio dunha paciente e a denuncia de agresión sexual por parte doutra paciente, ingresadas as dúas na mesma Unidade, debe entenderse no marco do deterioro na calidade do servizos debido aos recortes.

Na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Conxo, foron varias as denuncias públicas dende diferentes instancias pola escasa dotación desa Unidade, cunha frecuente retirada do persoal de Enfermería da mesma para cubrir necesidades doutros servizos do Hospital, a escasa actividade dos pacientes ingresados, a carencia de Terapeuta Ocupacional ou a falta de coordinación e elaboración de plans terapéuticos coa participación e coordinación das profesionais sanitarias.

Sen embargo, a pesares de todas as denuncias en materia de recortes e escasa dotación de medios, por parte da Administración e a dirección encargada da





xestión, nada se fixo para corrixir as eivas que colectivos e profesionais denuncian.

Ante esta situación e os acontecementos que tiveron lugar no Hospital, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas inmediatas pensa levar a cabo Xunta de Galicia para evitar a repetición de acontecementos de igual ou similar índole?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 10:42:52



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Entre este sábado, 12 de xaneiro, e o día 2 de febreiro vanse celebrar en Galicia os campionatos de caza do raposo, nos que participarán centos de persoas.

Certo é que o raposo non é unha especie cinexética protexida e que o artigo 72 da lei 13/2013, de Caza de Galicia, establece a batida deste animal como unha modalidade autorizada para a caza maior, mais tamén é certo que o artigo 1 daquela mesma norma recolle como o seu obxecto regular o exercicio da caza na nosa Comunidade Autónoma coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados. E non semella que cazar raposos teña esta finalidade de fomento dos recursos cinexéticos e o medio natural, senón outra quizais meramente lúdico-festiva.

Así, a propia Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) pon en solfa a existencia de datos oficiais da Xunta de Galicia que avalíen as densidades e a tendencia das poboacións destes animais ou que amosen prexuízos derivados da súa presenza que avalen un control das súas poboacións. A maiores, a SGHN destaca o relevante papel sanitario do raposo, que controla as poboacións de pequenos vertebrados, tales como roedores, prexudiciais para o ser humano, e axuda a manter o equilibrio ecolóxico, pois elimina os restos de animais mortos que poden resultar focos de enfermidades para a fauna silvestre. O que significa que a caza do raposo podería incidir negativamente no equilibrio ecolóxico de Galicia e, indirectamente, na saúde das persoas.

Algo así debe de ser certo cando o Goberno da Xunta de Galicia autorizaba en marzo do ano pasado que o Grupo Parlamentario do PP votase a favor nunha proposición non de lei que pedía “*non subvencionar esta actividade, non apoiala nin participar na súa promoción e desenvolvemento*” e que definía esta actividade como unha “injustificada competición de morte de fauna silvestre”.

Mais agora é o propio Goberno quen autoriza e financia os vindeiros campionatos de caza do raposo.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno que a caza do raposo é contraria ao obxecto que se define no artigo 1 da Lei 13/2013, de caza de Galicia?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2019 10:52:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 10:52:36

María Luisa Pierres López na data 10/01/2019 10:52:42

Raúl Fernández Fernández na data 10/01/2019 10:52:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2019 10:52:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

En numerosas ocasións temos denunciado a opacidade tanto económica como organizativa das entidades vinculadas ao Servizo Galego de Saúde, partida emenda ano tras ano nos orzamentos, entendendo que deberían ser asumidos progresivamente polo sistema público.

No último informe de fiscalización do Consello de Contas, este reitera novamente a opacidade tanto das axencias como das fundacións, considerando óptima a súa integración no sistema público. Unha política totalmente contraria a que está a realizar a Xunta de Galicia, creando novos entes de estruturas empresariais.

Destaca o Consello de contas no seu informe, que no caso por exemplo de axencias como a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento ou a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, non foron facilitados os documentos necesarios para a súa fiscalización, tales como as encomendas de xestión ou os contratos que regulan a relación destes entes coa Consellería.

As portas xiratorias creadas a través de estruturas clientelares que soporta estas axencias, son de sobra coñecidas no caso de Galaria, no que a ex conselleira de sanidade cesada, Rocío Mosquera, rematou por ser a xestora dos propios contratos que asinaba como conselleira. Neste caso en concreto, o Consello de Contas observa que as prestacións encomendadas a dita entidade, figuran nun contrato-programa mediante asignación de importes globais dos que non é





posible recoñecer a estrutura de costes que xustifiquen os valores asociados a cada servizo.

En conclusións do propio organismo, estas axencias e fundacións, deberían ser integradas no sistema público e dar rendición das súas contas, xa que se configuran mediante contratos de xestión obsoletos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é o motivo de non ter facilitado os documentos relacionados coas encomendas de xestión e contratos que regulan a relación destas coa Consellería?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 11:17:42





Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Asistimos a un contexto asistencial no que as deficiencias do sistema sanitario público son alarmantes. Isto afecta sensiblemente á saúde de galegas e galegos, como comprobamos a diario, con casos visiblemente graves. Ademais, múltiples colectivos profesionais atópanse en proceso de mobilizacións diversas pola situación de sobrecarga e precariedade de medios na que teñen que desenvolver a súa actividade asistencial. Entre eles, as traballadoras e traballadores de Urgencias do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

O labor no servizo de urgencias desenvólvese nun contexto tan pouco normalizado que existen graves eivas para conseguir a coordinación eficiente do servizo, mesmo para atopar profesionais que se presten a asumir tal función. O colectivo médico adoce dunha carga de traballo sensible e mal organizada, existe unha precaria dotación de enfermeiras (unha profesional por cada oito doentes) e de TCAE (as propias profesionais manifestan que realizan o seu traballo ás carreiras). As sucesivas reorganizacións do espazo e do traballo non contaron en ningún momento cos recursos materiais e, sobre todo, humanos para asumir de modo eficiente a carga asistencial. Súmase a esta cuestión que, ante a sobrecarga da primaria e o avellentamento da poboación, o servizo se ve máis sobrecargado de pacientes idosos e con múltiple comorbilidade, que resulta máis dificilmente abordar. Ademais cómpre mencionar as dificultades crecentes para





conseguir ingresar doentes descompensados, e as múltiples dificultades para a subida a planta de pacientes que xa teñen asinada orde de ingreso.

Neste contexto, calquera circunstancia que incrementa por cuestións epidemiolóxicas a demanda asistencial sobrecarga o servizo de modo inadmisíbel (léase gripe estacional, acumulación de festivos ou tempadas vacacionais con menor cobertura de profesionais no esclavón central de atención sanitaria, a primaria).

O pasado dous de xaneiro concorreron todas estas circunstancias e produciuse unha situación de auténtico colapso asistencial no citado servizo de urxencias do Hospital Clínico. Nada difícil de prever tendo en conta que se presenta cada ano de modo estacional e que nos atopabamos en época de nadal, cando a primaria está máis desabastecida de profesionais e os anciáns se agudizan con maior frecuencia.

Pero, lonxe de programar unha dotación asistencial acorde ás necesidades previstas, o servizo non tivo capacidade para asumir a demanda, chegando a producirse unha situación de colapso na que se deron casos graves con risco vital en pacientes que se atopaban ocupando un lugar no corredor.

Ante esa situación, as autoridades sanitarias foron avisadas por escrito por persoal médico que solicitou a apertura e habilitación dunha zona de atención adicional (reservada para estes casos) e a axilización dos ingresos. Isto habilitaría espazos para pacientes agudos que ían chegando e estaban clasificados como graves, sen atender. A resposta non chegou en ningún momento.

Como consecuencia, unha paciente grave tivo que ser atendida no corredor e dirixida con premura ao cubículo de críticos por requirir manobras de reanimación avanzada con resultado final de morte e outro, tras pasar 2.5 horas nun corredor (cando pola gravidade establecida na triaxe non debía estar máis



dunha hora sen atención) presentou unha arritmia fatal secundaria ao infarto que padecía e tamén faleceu.

Con máis frecuencia da desexable os pacientes considerados “graves” pola triaxe que se realiza á entrada do servizo de urxencias son “acumulados” no corredor, lugar onde non se pode realizar a necesaria valoración médica, implicando non só un trato indigno senón unha evidente perda de oportunidade de recibir o diagnóstico e tratamento necesario en tempo e forma.

Un agravante é que o corredor é ademais o lugar establecido polos servizos de prevención como o lugar propio de evacuación do servizo, negando esta posibilidade nos momentos nos que permanece ocupado con padiolas e doentes. A propia inspección de traballo emitíu catro requirimentos de manter libres de obstáculos as vías de evacuación do centro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno**:

- Que medidas teñen pensado tomar para garantir a atención digna e eficaz aos pacientes no servizo de urxencias do Hospital Clínico de Santiago?
-

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019..

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 10/01/2019 11:19:05

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 11:19:20

Paula Vázquez Verao na data 10/01/2019 11:19:26

Paula Quinteiro Araújo na data 10/01/2019 11:19:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

Na publicación do último informe de fiscalización do Consello de Contas á Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, seguen a aparecer as mesmas eivas detectadas en anos anteriores, que lonxe de ser corrixidas e aplicadas as recomendacións do Consello, van a peor.

Este é o caso da actividade concertada, que pese ás mentiras que constantemente traslada o Goberno en relación á redución do gasto nesta partida, o Consello de Contas conclúe, que o gasto orzamentario no 2016, incrementouse en 225,519 millóns de euros respecto ao exercicio anterior.

O incremento das partidas, ten máis gravidade, cando é analizado conxuntamente co carácter estrutural da privatización, extremo totalmente contrario ao imperativo legal e que constantemente o Consello de Contas destaca nos seus informes, cunha especial mención ao que denomina “concerto singular con Povisa” que representa un 39% do total do gasto da actividade concertada.

Nesta lexislatura, estamos asistindo a novas privatizacións directas de servizos sanitarios, como é o caso do convenio marco no CHUAC, que supón un novo ataque á Sanidade Pública en beneficio do negocio á privada.

Por todo o anterior este Grupo Parlamentario presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:





- Cal é o motivos polo que non se levan a cabo as recomendacións realizadas ano tras ano nos informes de fiscalización do Consello de Contas?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 11:25:32





Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

Na publicación do último informe de fiscalización do Consello de Contas á Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, seguen a aparecer as mesmas eivas detectadas en anos anteriores, que lonxe de ser corrixidas e aplicadas as recomendacións do Consello, van a peor.

Este é o caso da actividade concertada, que pese ás mentiras que constantemente traslada o Goberno en relación á redución do gasto nesta partida, o Consello de Contas conclúe, que o gasto orzamentario no 2016, incrementouse en 225,519 millóns de euros respecto ao exercicio anterior.

O incremento das partidas, ten máis gravidade, cando é analizado conxuntamente co carácter estrutural da privatización, extremo totalmente contrario ao imperativo legal e que constantemente o Consello de Contas destaca nos seus informes, cunha especial mención ao que denomina “concerto singular con Povisa” que representa un 39% do total do gasto da actividade concertada.

Nesta lexislatura, estamos asistindo a novas privatizacións directas de servizos sanitarios, como é o caso do convenio marco no CHUAC, que supón un novo ataque á Sanidade Pública en beneficio do negocio á privada.

Por todo o anterior este Grupo Parlamentario presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:





- Cales son os argumentos do Goberno para xustificar o aumento da privatización de servizos sanitarios?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 11:26:44



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe, e se establecen as bases da formación profesional dual pretende establecer as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

No seu título III, dedicado á formación profesional dual do sistema educativo, establece que o obxecto é establecer o marco para o desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, coa co-participación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe e cunhas claras finalidades; incrementar o número de persoas que poidan obter un título de ensino secundario postobligatorio a través das ensinanzas de formación profesional, conseguir unha maior motivación no alumnado e diminuír o abandono escolar temperán, facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas, incrementar a vinculación e corresponsabilidade do tecido empresarial coa formación profesional, potenciar a relación do profesorado de formación profesional coas empresas do sector e favorecer a transferencia de coñecementos e, finalmente, obter datos cualitativos e cuantitativos que permitan a toma de decisións en relación coa mellora da calidade da formación profesional.

Publicado o anterior Real decreto e desde o ano 2013 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional foi publicando distintas ordes de autorización de proxectos experimentais de formación profesional dual, doce en total para seis cursos, o que en boa medida evidencia o grao de improvisación na implementación desta oferta.

Se analizamos as memorias que acompañan aos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, podemos atopar declaracións de intencións moi contundentes, como que “procede avanzar decididamente nunha formación profesional dual baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando



unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas”.

Paralelamente ao anterior, sempre se dotan con orzamento partidas destinadas ao fomento da formación profesional dual: 400.000 € no ano 2018 e 750.000 no ano 2019, ambas cantidades no programa 422M Ensinanza Secundaria, Formación Profesional e Outras Ensinanzas.

Pese ao marco teórico e orzamentario que leva a que por parte dos responsables políticos do Goberno se diga que a formación profesional dual é un obxectivo estratéxico e que acada notables resultados, o certo é que os datos reais parecen contradicir ese discurso, o que se pon de manifesto en que, por un lado vén sendo unha constante que os prazos inicialmente previstos nas convocatorias de admisión a esta modalidade son ampliados por existir vacantes (en realidade na práctica totalidade dos ciclos formativos ofertados) e, por outro, a actual matrícula, segundo algunha fontes, é de 937 alumnos en total sobre unha previsión de 5.000 persoas matriculadas no curso 2020/2021.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dos resultados acadados na implantación da formación profesional dual na Comunidade Autónoma e Galicia desde o curso 2013/2014 ata a actualidade?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 11:09:00

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 11:09:09



A Mesa do Parlamento

M^a Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Unha das materias prioritarias na acción do Goberno galego é o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa competencia. Proba desta aposta da Xunta son as distintas actuacións, medidas e plans que ten posto en marcha nos últimos anos co obxectivo de reducir a sinistralidade nas estradas de titularidade autonómica.

Un conxunto de iniciativas que se atopan recollidas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 que elaborou o Goberno galego seguindo as directrices do Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020, de acordo, polo tanto, coas liñas de traballo marcadas pola Unión Europea e polas Nacións Unidas.

A este respecto tamén o Parlamento galego aprobou en decembro de 2017 unha iniciativa de impulso promovida polo Grupo Popular pola que se solicitaba do Goberno galego a implantación de medidas encamiñadas a mellorar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das estradas.

Cumpriu así este Grupo o comprometido no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en 2016, no que se fixaban medidas concretas para a protección de usuarios vulnerables como peóns, ciclistas ou motoristas.

Por todo o exposto, e ao obxecto de coñecer as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou previstas para dar cumprimento ao acordo parlamentario aprobado, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas ten adoptado a Xunta para incrementar a seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:14:42
Nº Rexistro: 42987
Data envío: 10/01/2019 12:14:42.589

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2019 12:10:04

Martín Fernández Prado na data 10/01/2019 12:10:14

Jaime Castiñeira Broz na data 10/01/2019 12:10:21

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2019 12:10:27

Marta Novoa Iglesias na data 10/01/2019 12:10:35

Gonzalo Trenor López na data 10/01/2019 12:10:41

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/01/2019 12:10:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-TSaUBp6Zw-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

M^a Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde hai anos, todas as actuacións en materia de estradas da Xunta de Galicia teñen como un dos seus obxectivos prioritarios o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa titularidade.

A este obxectivo responden distintas medidas e plans que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos, como poden ser o Plan de reforzos de firme, o Plan de Sendas de Galicia ou o Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso.

Máis recentemente, o traballo da Xunta tamén se está a centrar no desenvolvemento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas: unha medida coa que o Goberno galego atende a resolución aprobada neste Parlamento no marco do Debate Anual de Política Xeral celebrado en outubro de 2017 e coa que ten previsto actuar en todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede de estradas autonómicas co obxectivo de telos eliminado no horizonte da actual lexislatura.

Polo exposto, e co propósito de coñecer de xeito detallado o estado de tramitación actual, o avance dos distintos proxectos e os investimentos previstos no marco desta Estratexia da Xunta, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o grado de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:15:07
Nº Rexistro: 42989
Data envío: 10/01/2019 12:15:07.754

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2019 12:12:57

Martín Fernández Prado na data 10/01/2019 12:13:05

Jaime Castiñeira Broz na data 10/01/2019 12:13:13

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2019 12:13:19

Marta Novoa Iglesias na data 10/01/2019 12:13:26

Gonzalo Trenor López na data 10/01/2019 12:13:33

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/01/2019 12:13:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-LDq7c3nCi-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta logo de coñecerse o cobro de tarifas indebidas por parte da empresa concesionaria da AP-53 nalgún dos treitos.

O luns, día 7 de xaneiro, coñecemos polos medios de comunicación que a concesionaria da AP-53, a Autoestrada Central de Galicia que une Santiago de Compostela co Alto de Santo Domingo, en Dozón, autoestrada dependente do Goberno do Estado, estaba a cobrar tarifas indebidas nalgún dos treitos.

Concretamente, constatouse que no treito entre Lalín e Silleda a concesionaria estaba a realizar un cobro de 3,60 euros no canto dos 2,45 euros que están estipulados nas tarifas legalmente aprobadas e publicadas.

O cobro de sobreprezos que se están aplicando neste treito concreto por parte da concesionaria é unha situación que non se pode tolerar e que o Ministerio de Fomento, como responsable da dita autoestrada, debe corrixir e emendar á maior brevidade, habilitando os mecanismos necesarios para devolverlle aos usuarios afectados as cantidades indebidamente cobradas.

Por todo exposto e ao obxecto de coñecer as xestións que ten realizado o Goberno galego ante o Ministerio de Fomento para paliar esta gravísima situación de cobro continuo de sobreprezo que ten aplicado a concesionaria da AP-53, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas ten adoptado a Xunta logo de coñecerse o cobro de tarifas indebidas por parte da empresa concesionaria da AP-53, concretamente no treito entre Lalín e Silleda?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:32:08
Nº Rexistro: 42994
Data envío: 10/01/2019 12:32:08.621

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 10/01/2019 12:30:03

Jaime Castiñeira Broz na data 10/01/2019 12:30:15

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2019 12:30:22

Marta Novoa Iglesias na data 10/01/2019 12:30:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2019 12:30:38

Gonzalo Trenor López na data 10/01/2019 12:30:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/01/2019 12:30:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-xHkKnyIF-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Julia Torregrosa Sañudo, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 18 de decembro de 2018 foi publicada no BOE Real Decreto-ley 21/2018, de 14 de decembro, de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer.

Entre outros aspectos en dito RDL recolle unha demanda dende hai tempo reclamada por En Marea e que é recollida no título IV.

Nel recóllense as medidas en materia económica e fiscal, e inclúe en primeiro lugar a modificación do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no que ten que ver co Imposto sobre Bens Inmóbles.

Modifícase a regulación do recargo previsto para os inmóbles de uso residencial desocupados con carácter permanente, mediante a súa remisión á correspondente normativa sectorial de vivenda, autonómica ou estatal, con rango de lei, ao obxecto de que poida ser aplicado polos concellos mediante a aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

Di así:

“O apartado 4 do artigo 72 queda redactado nos seguintes termos: «4. Dentro dos límites resultantes do disposto nos apartados anteriores, os concellos poderán establecer, para os bens inmóbles urbanos, excluídos os de uso residencial, tipos





diferenciados atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para a valoración das construcións. Cando os inmobles teñan atribuídos varios usos aplicarase o tipo correspondente ao uso da edificación ou dependencia principal. Devanditos tipos só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por cento dos bens inmobles urbanos do termo municipal que, para cada uso, teña maior valor catastral, a cuxo efecto a ordenanza fiscal do imposto sinalará o correspondente limiar de valor para todos ou cada un dos usos, a partir do cal serán de aplicación os tipos incrementados. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, os concellos poderán esixir unha recarga de ata o 50 por cento da cota líquida do imposto. Dentro deste límite, os concellos poderán determinar mediante ordenanza fiscal unha única recarga ou varios en función da duración do período de desocupación do inmovible. A recarga, que se esixirá aos suxeitos pasivos deste tributo, devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polos concellos, unha vez constatada a desocupación do inmovible en tal data, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare. A estes efectos terá a consideración de inmovible desocupado con carácter permanente aquel que permaneza desocupado de acordo co que se estableza na correspondente normativa sectorial de vivenda, autonómica ou estatal, con rango de lei, e conforme aos requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a ordenanza fiscal. En todo caso, a declaración municipal como inmovible desocupado con carácter permanente esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e a acreditación polo Concello dos indicios de desocupación, a regular na devandita ordenanza, dentro dos cales poderán figurar os relativos aos datos do padrón municipal, así como os consumos de servizos de subministración.»

Como a propia lei mandata e como é necesario para que os concellos que así o decidan poidan utilizar este instrumento legal para gravar a especulación inmobiliaria axudando a mobilizar a vivenda baleira, compre modificar a Lei





8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia definindo o concepto de vivenda baleira.

Tamén se introduce a translación lexislativa do dereito ao tanteo e retracto das vivendas con arrendatarios.

«7. Non haberá lugar aos dereitos de tanteo o retracto cando a vivenda arrendada se venda conxuntamente coas restantes vivendas ou locais propiedade do arrendatario que formen parte dun mesmo inmovble nin tampouco cando se vendan de forma conxunta por distintos propietarios a un mesmo comprador a totalidade dos pisos e locais do inmovble. En tales casos, a lexislación sobre vivenda poderá establecer o dereito de tanteo y retracto, respecto á totalidade do inmovble, en favor do órgano que designe a Administración competente en materia de vivenda, resultando de aplicación o disposto nos apartados anteriores aos efectos da notificación do exercicio de tales dereitos.

Se no inmovble só existira unha vivenda, o arrendatario terá os dereitos de tanteo e retracto previstos neste artigo.»

A translación á lexislación galega pode crear un instrumento útil para que dende as administracións se poida actuar na defensa da estabilidade dos arrendatarios.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Contempla o Goberno galego a modificación da Lei 8/2012 de vivenda de Galiza para trasladar o concepto de vivenda desocupada, para os efectos dos recargos no cobro do IBI, e o dereito de tanteo e retracto, contemplados no Real Decreto-ley 21/2018, de 14 de decembro, de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer?





Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/01/2019 12:42:36

Marcos Cal Ogando na data 10/01/2019 12:42:43

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/01/2019 12:42:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se





sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Cales son os plans de continxencia que ten previsto o Goberno para evitar que un ano máis se produzan situacións de saturación nas urxencias?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 12:42:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se





sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Por que o Goberno non escoita as constantes demandas das e dos profesionais en relación aos medios e dispositivos de asistencia necesarios?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 12:44:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se





sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Cando pensan mellorar os pranteis de traballadoras e traballadores nos centros públicos galegos coa fin de reducir as saturacións nos servizos de urxencias?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 12:46:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se





sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Neste último ano, cantas veces puxeron as e os profesionais en coñecemento do Goberno a posibilidade de saturación dos servizos?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 12:48:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se





sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Considera o Goberno que as esperas nos servizos de urxencias é a axeitada?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 12:49:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se





sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Cal é o prazo de tempo que considera aceptable a Xunta de Galicia para a permanencia nun Servizo de urxencias dende a entrada ata o ingreso en planta para unha persoa que o teña prescrito?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 12:50:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación da atención pediátrica ás nenas e nenos galegos en atención primaria está resultando preocupante. Ante a insuficiencia de pediatras específicos para este ámbito, a ausencia dun modelo alternativo de xestión da demanda e a previsión de que este problema non se arranxe a curto prazo faise necesaria unha planificación da atención. Esta planificación debe garantir unha cobertura digna e estruturada para os nenos e as nenas deste país, afastada das solucións improvisadas e pouco sistematizadas que se están a dar. Cómpre tamén asumir que se trata dun problema que require dunha solución a medio prazo, dado que a situación non ten visos de irse resolver con medidas transitorias. A formación de pediatras non se realiza de modo inmediato, as previsións de novos pediatras seguen a ser insuficientes e a precariedade de contratación laboral no Sergas posterior ao remate da formación especializada non contribúe a fixar especialistas no noso sistema sanitario.

Adoecemos dunha situación demográfica na que o devalo, a dispersión e o abandono do rural son elementos que non contribúen a vislumbrar perspectivas de futuro para este entorno. Lonxe do deseño de solucións, a desatención pediátrica contribúe ao desleixo polo rural galego. Faríase necesario o investimento de todos os recursos necesarios para evitar que as familias con crianzas abandonen este entorno. Un deles é a atención sanitaria accesible, digna e á altura das necesidades dos nenos e das nenas.





Nas últimas datas foron moitos os concellos que se organizaron ou queixaron da ausencia de cobertura pediátrica por non substitución das profesionais que ocupaban ese espazo.

Agora tócalles aos nenos e nenas de Cariño, Mañón e Ortigueira.

A facultativa que atende a estes tres concellos atópase en situación de incapacidade laboral desde o pasado luns 7 de xaneiro e a súa ausencia, como é tónica habitual, non foi reparada.

As solucións que se achegan desde Sanidade son trasladarse ao centro de saúde de Cedeira, o que supón un longo desprazamento que non todos poden asumir, ou esperar á tarde para poder acudir ao PAC, dispositivo sobre o que, unha vez máis, recae o peso da mala xestión sanitaria.

Isto atenta visiblemente contra as nenas e nenos que non dispoñan de medios para o seu traslado a Cedeira (non existe cobertura de transporte público), resultando unha medida absolutamente carente de equidade na distribución de recursos.

Ademais tamén sobrecarga ao propio servizo de Cedeira, que non dispón de recursos adicionais para a atención da demanda pediátrica deses tres concellos.

Cómpre lembrar ademais que o servizo de urxencias pediátrico hospitalario máis próximo é o situado no CHUF, en Ferrol, a máis de cincuenta quilómetros de distancia para calquera dos tres concellos.

Por todas estas consideracións, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-Ten a administración sanitaria pública galega algún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica aos nenos e nenas de Cariño, Mañón e Ortigueira tendo en conta a escaseza de recursos profesionais e a ausencia de medidas que o solventen de modo eficaz a curto e medio prazo?





Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 10/01/2019 12:55:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a adscrición das ensinanzas artísticas superiores en Galiza ao **SUG** e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

Desde hai anos profesorado e alumnado das ensinanzas artísticas superiores en Galiza veñen manifestando a súa vontade de iniciar o proceso de adscrición destas titulacións á Universidade de acordo co previsto na lexislación vixente, tanto a Lei Orgánica de Universidades (artigo 11) coma na LOMCE (artigo 58.7) que prevén a posibilidade de adscrición mediante convenio a unha universidade pública e no contreto as ensinanzas artísticas superiores.

De facto, o grupo parlamentar do BNG ten traído ao Parlamento de Galiza esta cuestión na IX Lexislatura.

Porén, desde a Xunta de Galiza non se teñen atendido as súas demandas, malia que formularon desde a ESAD unha proposta de adscrición formal e gozar o Goberno galego, de acordo co Estatuto de 1981, de plenas competencias para levala a cabo.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora o Goberno galego a adscrición das ensinanzas artísticas superiores ao
SUG como demanda o profesorado e alumnado da ESAD e da Escola de Restauración e
Conservación, entre outros?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2019 13:03:29

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2019 13:03:34

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2019 13:03:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2019 13:03:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2019 13:03:38

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2019 13:03:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

A situación da mocidade no noso país está caracterizada cada vez máis pola precariedade, o deterioro das súas condicións de vida e a falta de expectativas de futuro. Os datos debuxan un panorama moi preocupante.

As persoas asalariadas mozas, de entre 18 e 25 anos, experimentaron nestes anos de crise e recesión importantes recortes salariais ao tempo que aumentaba a precariedade e temporalidade dos seus empregos. O seu salario medio anual reduciuse un vinte e cinco por cento dende 2008 para situarse apenas nos 6.500 euros anuais que cobran, de media, actualmente.

Esta devaluación salarial ven acompañada polo auxe do emprego temporal e a extensión de contratos de curta duración, que indican especialmente nas persoas mozas. O 21,1% das mozas e mozos galegos teñen contratos a tempo parcial (fronte a 13,8% do conxunto das idades, máis de 7 puntos de diferenza) e o 56,2% din que teñen este tipo de contrato porque non foron quen de atopar un traballo a xornada completa.

A precariedade do emprego entre a mocidade impide que este xere dereitos de protección social.

A taxa de paro xuvenil é tamén moi elevada, un 19,1%.





Todo isto conleva que moitas mozas e mozos teñan que emigrar. Segundo os datos do INE, entre 2008, co inicio da crise, e 2018, 18.675 mozas e mozos galegos abandonaron o noso país para buscar un futuro no estranxeiro.

O acceso a vivenda é outra das realidades preocupantes. Unha porcentaxe moi elevada non pode independizarse por falta de recursos económicos.

O noso país perde a unha parte importante da mocidade debido ao deterioro progresivo das súas condicións de vida. Por iso, faise necesario adoptar políticas públicas decididas en favor da mocidade, combatendo a precarización das súas vidas e poñendo as bases para que poidan desenvolver as súas actividades no noso País, cun traballo con dereitos, vivenda digna e un horizonte de futuro esperanzador.

Por todos estes motivos as deputadas que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia para cambiar a situación da mocidade en Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Paula Quinteiro Araújo na data 10/01/2019 13:10:11

Luca Chao Pérez na data 10/01/2019 13:10:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a elaboración e aprobación da Estratexia da Cultura Galega 2021 e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde finais do ano 2017 a Xunta de Galiza di estar a traballar na elaboración da Estratexia da Cultura Galega 2021 entendida como a grande aposta do Goberno galego en materia de política cultural.

Para tal fin, o Consello da Cultura Galega (CCG) elaborou e fixo pública, en marzo de 2018, unha extensa diagnose na que aborda a situación dos distintos sectores culturais do noso país, eivas e retos de futuro. Un documento que, na súa presentación pública, o conselleiro de Cultura considerou “a folla de ruta que servirá para analizar a situación actual do sector, fixar obxectivos e definir liñas e medidas concretas para acadalos”.

A finais de 2018, no concreto o 6 de novembro, en comparecencia parlamentar, o conselleiro de Cultura asegurou que levarían ao Consello da Xunta “antes de finalizar este ano” [referíndose ao xa rematado 2018] o devandito documento antes de ser remitido ao Parlamento de Galiza. Porén, isto non ten acontecido.

Esta é unha vella promesa incumprida polo Partido Popular na Xunta de Galiza. Xa en 2013, tamén en sede parlamentar, o daquela conselleiro de Cultura, Jesús





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vázquez, asegurou que o Goberno galego elaboraría e aprobaría un Plan galego da cultura e un Plan Director do libro que nunca chegaron a nacer.

Alén dos incumprimentos por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza, os sectores culturais do país veñen denunciando a falta dunha política cultural debidamente planificada e orzamentada na última década así como a paralización de proxectos iniciados durante os anos 2005-2009.

Cómpre lembrar que os sectores culturais representan para Galiza o 2% do PIB e xeran máis de 30.000 postos de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando pensa publicar e remitir ao Parlamento a Xunta de Galiza a Estratexia da Cultura Galega 2021?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2019 13:30:10

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2019 13:30:15

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2019 13:30:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2019 13:30:17

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2019 13:30:19

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2019 13:30:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Diferentes colectivos e profesionais, veñen denunciando dende fai moito tempo os duros recortes que está a sufrir de xeito particular a asistencia na saúde mental.

Aos acontecementos en Conxo, sumamos tamén o sucedido na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña, coa morte dunha persoa, feito que foi denunciado ante a xustiza.

A Unidade de Hospitalización Psiquiátrica, ten importantes carencias xa denunciadas que veñen sostidas no tempo e que conlevan importantes danos nos dereitos asistenciais dos pacientes da Área da Coruña, así como na calidade asistencia esixible nun servizo sanitario público.

Existen diferentes déficits de dotación profesional, infraestrutura residencia e funcionamento que comprometerían a posibilidade de apertura da Unidade, por incumprimento das esixencias mínimas que a propia Consellería de Sanidade dispón para autorizar centros sanitarios, alongándose tamén dos estándares básicos de acreditación propostos polo Ministerio de Sanidade.

Neste marco de deficiencias poderíamos situar algunhas das seguintes:

-Insuficiente espazo para actividades común dos pacientes e para a relación destes coas súas familias cando os visitan.





- A metade das habitacións deste Unidade son de 3 camas e non dispoñen de baño na habitación, diferenciando deste xeito a estes pacientes respecto das persoas afectadas por outras enfermidades.
- Existe unha habitación para a contención mecánica colectiva (dotada de 3 camas separadas por cortinas) nas que é habitual que se xunten ambos sexos simultaneamente.
- Escaseza de persoal. Un só psiquiatra xunto cun MIR cobren a garda dos Complexo xunto coa da UHP, non existen celadores e sería necesario contratar a 11 profesionais máis de enfermería.
- Falta de transparencia na selección de facultativos de psiquiatría para a cobertura de prazas temporais.

Esta situación, dana gravemente o dereito a un tratamento para as persoas alí ingresadas, en condicións de igualdade cos demais usuarios do SERGAS.

Por todo o anterior e ante a falta de resposta da Consellería, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que tipo de actuacións pensa levar a cabo para poñer solución as deficiencias denunciadas?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 13:33:01



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural tense dirixido a este grupo parlamentario expoñendo que o día 7 de xuño de 2018 presentaron no rexistro da Xunta de Galicia unha serie de solicitudes dirixidas ás consellerías de Educación, Medio Rural e Política Social, reiterada aos xefes territoriais de Educación con petición de audiencia, no que pedía a adopción de tres medidas:

1. Elaboración dun plan específico de Educación para o medio rural
2. Aprobación dunha moratoria no peche de escolas e na redución de recursos docentes, didácticos e materiais nas escolas do rural.
3. Posta en funcionamento de fórmulas de agrupamentos funcionais para evitaren o peche de escolas ou unidades.

Así mesmo, trasladaron esa petición ao Parlamento de Galicia, que lle deu trámite á solicitude dirixindo a solicitude á Xunta de Galicia, todo o cal se pode comprobar na páxina web do dito Parlamento e como se acredita deste xeito:

Expediente: 10/VUDE-000013

Detalle do expediente

Extracto: Sobre o peche das escolas e a supresión de unidades e profesorado no rural galego para os vindeiros cursos escolares

Número de rexistro de entrada: 10032259

Data de creación: 11/06/2018

Órgano ditaminante: Comisión de Peticións

Órganos proponentes:

•

Procedemento: Ordinario

Situación: Pechado

Tipo de finalización: Notificación

Proponentes:

• Fernando Lacaci Batres

Trámites do expediente

Data	Trámite	Publicación
11/06/2018	Entrada da iniciativa	Rexistro de entrada: 10032259
18/06/2018	Admisión a trámite	Mesa do Parlamento
19/06/2018	Notificación ao interesado	Rexistro de saída: 10009783
19/06/2018	Notificación á Comisión	Rexistro de saída: 10009785
05/07/2018	Estudo do documento pola Comisión	Comisión
10/07/2018	Notificación á Dirección Xeral	Rexistro de saída: 10010121
10/07/2018	Notificación ao interesado	Rexistro de saída: 10010123



Segundo expoñen no seu escrito, non recibiron ningún tipo de resposta ás súas peticións, pese a ter transcorrido un prazo máis que razoable.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural carece de representatividade e lexitimación para presentar propostas encamiñadas a afrontar a perda de servizos no mundo rural?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 13:33:14

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 13:39:05





Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En setembro de 2017 a Conselleira de Medio Rural anunciaba por enésima vez a creación dunha marca galega de garantía para o sector hortícola.

Dicimos por enésima vez porque dende o 2009 non deixou de haber anuncios pero ningunha realidade.

Na páxina web da Consellería de Medio Rural dise que “a Consellería do Medio Rural ten prevista unha estratexia de implantación de marca de calidade para a produción hortícola de Galicia. A existencia dun produto potencialmente diferenciado que lle achegue un valor engadido ao consumidor, que cômpe protexer e rendibiliñas, é un dos argumentos para a consecución desta marca de calidade en proceso de elaboración.

Con esta etiquetaxe identificadora, perséguese buscar un consumidor que permita asentar a produción no mercado, que localice no punto de venda unha imaxe común da horta galega, tanto para garantir a orixe como a calidade. Esta etiqueta demostrará a certificación do cumprimento das especificacións recollidas no regulamento que se atopa en proceso de elaboración, cunha participación directa do sector hortofrutícola.





Esta marca de calidade estará sustentada nun regulamento especificamente creado contra o que se certificarán os produtos de horta galega, para ser identificados cunha contraetiqueta rexistrada como marca de garantía que complementará a propia marca da empresa produtora.

Será unha marca de garantía como sistema de identificación dos produtos que subliñarán a natureza hortícola da produción amparada, potenciando os cultivos ao aire libre e as hortalizas de inverno, de carácter máis específico, local e diferenciado en Galicia.

Dende a Consellería do Medio Rural búscase a participación directa do sector hortofrutícola neste proceso de consecución da marca de calidade, que vai permitir a diferenciación destes produtos galegos e contribuír a manter o sabor orixinal ligado ao territorio, como unha forma de preservar a nosa identidade agraria e cultural.”

Contrasta o elevado número de bondades descritas pola Consellería sobre a marca de garantía hortícola coa parálise produto da inacción e inoperancia da administración autonómica.

Cando chegou o PP ao Goberno galego xa se contaba cun borrador de regulamento feito dun xeito participado do sector.

O sector hortícola, que carece de políticas públicas de promoción e fomento dignas, é un sector cun enorme potencial no nos país.

Para desenvolver dito potencial precisa de políticas de acceso á terra, formación, asesoramento, financiamento e apoio para a comercialización dos produtos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta en Pleno:





- Cales son as razóns para que despois de 10 anos de goberno Galiza non conte cunha marca de garantía para a horta galega?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodriguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/01/2019 13:43:12

David Rodríguez Estévez na data 10/01/2019 13:43:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

Logo da celebración das eleccións andaluzas do pasado mes de decembro, asistimos a un proceso de negociación para conformar o novo goberno andaluz, que supón o inicio da quebra dos piares democráticos do Estado.

As negociacións deben producirse sempre entre partes lexitimadas para o acordo, e hoxe son moitos os que no Estado español e no conxunto da Unión Europea opinan que non se pode negociar con forzas que poñan en discusión os mínimos consensos democráticos e fagan bandeira do machismo e a xenofobia ou a falta de respecto pola diversidade sexual.

O documento presentado pola ultra dereita para a negociación co Partido Popular, coloca a esta organización e a aquelas que negocien ou pacten con ela fóra do respecto aos valores democráticos. Existe unha enorme contradición entre defender a democracia e sentarse a negociar, ou acordar, con aqueles que defenden e expresan posicións neofascistas. Quen avalan estas posicións reproducen modelos do século XX mudando o antisemitismo pola homofobia, a transfobia, a xenofobia e a islamofobia.

Non se poden poñer en cuestión avances democráticos de enorme calado como a



loita pola igualdade e contra a violencia machista, non poden conformar estas premisas ningunha mesa de negociación, cómpre elaborar cordóns sanitarios que preserven a nosa democracia.

Asistimos a uns acordos que negan a violencia machista, propoñen eliminar a memoria histórica, impiden a educación sexual (fundamental para acabar coa violencia machista), privatizan a educación e a sanidade. En conxunto un retroceso de décadas en materia de liberdades.

Cómpre hoxe máis que nunca recordar a Simone de Beauvoir “ Basta calquera crise económica, política ou relixiosa para que os Dereitos das Mulleres sexan Vulnerados”.

Finalmente, a extrema dereita formulou un escenario de supresión das Comunidades autónomas, forma de expresión política do autogoberno nacional de Galicia, tal como reconece o art. 1 do noso Estatuto de Autonomía. Consideramos que a cidadanía galega nin reconece nin ampara unha petición que nos nega como pobo, e que ten contribuído durante estes últimos 38 anos a mellorar as condicións de vida da sociedade galega.

Este Parlamento e o Goberno galego no poden xogar á ambigüidade cando os pactos e acordos da dereita coa extrema dereita no Estado:

- Cuestionan o autogoberno de Galicia e o Estado autonómico.
- Atacan os dereitos fundamentais das mulleres.
- Cuestionan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Destrúen principios fundamentais da convivencia.



Cómpre abordar neste contexto un acordo político que, mais aló das lexítimas diferenzas, se sustente nun compromiso de blindaxe institucional das nosas institucións de autogoberno, das liberdades, dos dereitos da muller e da convivencia que supoñan un compromiso claro para todas as forzas democráticas que conformamos este Parlamento.

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai este goberno, de acordos e negociacións, con organizacións que cuestionan o autogoberno, atacan os dereitos e liberdades das mulleres, apuntan contra dereitos humanos fundamentais e cuestionan principios fundamentais da convivencia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga


Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/01/2019 13:51:53

Carmen Santos Queiruga na data 10/01/2019 13:52:02





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727